

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INGLÉS

Departamento de Inglés



IES EDUARDO BLANCO AMOR

Curso 2020-21

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

ÍNDICE:

0	INTRODUCCIÓN:	5
0.1	Composición do Departamento de Inglés.	5
0.2	Agrupación do alumnado.	5
0.3	Reunións de departamento.	5
0.4	Reunións de coordinacións.	6
1	Programacións trimestrais (axustando as datas ó calendario 2020-21) de Materias do réxime xeral e Materias do réxime de Adultos.	6
1.1	Procedemento para a realización da proba inicial.	6
1.2	PROGRAMACIÓNS	6
1.2.1	Estrutura	6
1.2.2	Programacións das diferentes materias	6
1.3	Calendario de exames	7
2	Plan de recuperación de materias pendentes co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente dos máis atrasados. Ditos plans estarán baseados nos informes individualizados.	7
2.1	Calendario de exames	8
2.2	Programación por avaliacións:	8
2.3	Criterios cualificación:	9
3	Medidas de atención á diversidade.	9
4	Metodoloxía, materiais e recursos, libros de texto.	10
4.1	Metodoloxía.	10
4.2	Materiais didácticos.	10
4.3	Recursos didácticos.	10
5	Contribución da materia ao logro das competencias básicas na ESO.	11
6	Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas na ESO.	13
6.1	Características da avaliación na ESO.	13
6.2	Criterios de avaliación e promoción na ESO.	14
6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.	14
6.3.1	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.	14
7	Programas específicos para alumnos/as repetidores na ESO.	15
8	Criterios de avaliación no Bacharelato.	15
8.1	Características da avaliación no Bacharelato.	15
8.2	Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.	16
8.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.	16
8.3.1	Outras consideracións sobre os exames/probas/tarefas e a súa cualificación.	17
8.3.2	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.	17
9	Procedementos para acreditar os coñecementos previos.	18
10	ANEXO 1: Programación para 1º curso de ESO.	19
10.1	OBJECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE	19
10.1.1	Objetivos curriculares	19
10.1.2	Competencias clave	20
10.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN	20
10.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBJETIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS	20
10.3.1	Contidos.	20
10.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.	21
10.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES	25
10.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.	28
10.5	ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	28
10.6	AVALIACIÓN.	29
10.6.1	Características da avaliación na ESO.	29
10.6.2	Criterios de avaliación e promoción na ESO.	29
10.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.	30
10.6.4	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.	30

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

10.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	31
10.7.1	Materiais didácticos.....	31
10.7.2	Recursos didácticos.....	31
10.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	32
11	ANEXO 2: Programación para 2º curso de ESO.....	32
11.1	OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	32
11.1.1	Obxectivos curriculares.....	32
11.1.2	Competencias clave.....	33
11.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	33
11.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS.....	34
11.3.1	Contidos.....	34
11.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.....	34
11.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	39
11.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.....	41
11.5	ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS.....	41
11.6	AVALIACIÓN.....	42
11.6.1	Características da avaliación na ESO.....	42
11.6.2	Criterios de avaliación e promoción na ESO.....	42
11.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.....	43
11.6.4	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.....	43
11.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	44
11.7.1	Materiais didácticos.....	44
11.7.2	Recursos didácticos.....	44
11.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	45
12	ANEXO 3: Programación para 2º curso de ESO PMAR.....	45
12.1	OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	45
12.1.1	Obxectivos curriculares.....	45
12.1.2	Competencias clave.....	46
12.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	46
12.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS.....	47
12.3.1	Contidos.....	47
12.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.....	47
12.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	52
12.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.....	54
12.5	ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS.....	54
12.6	AVALIACIÓN.....	55
12.6.1	Características da avaliación na ESO.....	55
12.6.2	Criterios de avaliación e promoción na ESO.....	55
12.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.....	55
12.6.4	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.....	56
12.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	57
12.7.1	Materiais didácticos.....	57
12.7.2	Recursos didácticos.....	57
12.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	58
13	ANEXO 4: Programación para 3º curso de ESO.....	58
13.1	OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	58
13.1.1	Obxectivos curriculares.....	58
13.1.2	Competencias clave.....	59
13.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	59
13.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS.....	60
13.3.1	Contidos.....	60
13.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.....	60
13.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	65
13.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.....	67

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

13.5	ORIENTACIÓN METODOLÓGICAS.....	68
13.6	AVALIACIÓN.....	68
13.6.1	Características da avaliación na ESO.....	68
13.6.2	Criterios de avaliación e promoción na ESO.....	69
13.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.....	69
13.6.4	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.....	69
13.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	70
13.7.1	Materiais didácticos.....	70
13.7.2	Recursos didácticos.....	70
13.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	71
14	ANEXO 5: Programación para 4º curso de ESO.....	71
14.1	OBJECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	71
14.1.1	Obxectivos curriculares.....	71
14.1.2	Competencias clave.....	72
14.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	73
14.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBJETIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS.....	73
14.3.1	Contidos.....	73
14.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.....	73
14.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	78
14.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.....	81
14.5	ORIENTACIÓN METODOLÓGICAS.....	81
14.6	AVALIACIÓN.....	81
14.6.1	Características da avaliación na ESO.....	81
14.6.2	Criterios de avaliación e promoción na ESO.....	82
14.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.....	82
14.6.4	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.....	83
14.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	83
14.7.1	Materiais didácticos.....	83
14.7.2	Recursos didácticos.....	84
14.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	84
15	ANEXO 6: Programación para 1º curso de BACH.....	85
15.1	OBJECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	85
15.1.1	Obxectivos curriculares.....	85
15.1.2	Competencias clave.....	86
15.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	86
15.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBJETIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS.....	86
15.3.1	Contidos.....	86
15.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.....	87
15.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	93
15.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.....	95
15.5	ORIENTACIÓN METODOLÓGICAS.....	96
15.6	AVALIACIÓN.....	96
15.6.1	Características da avaliación no Bacharelato.....	96
15.6.2	Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.....	97
15.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.....	97
15.6.4	Outras consideracións sobre os exames/probas/tarefas e a súa cualificación.....	98
15.6.5	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.....	98
15.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	99
15.7.1	Materiais didácticos.....	99
15.7.2	Recursos didácticos.....	99
15.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	100
16	ANEXO 7: Programación para 2º curso de BACH.....	100
16.1	OBJECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	100
16.1.1	Obxectivos curriculares.....	100

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

16.1.2	Competencias clave	101
16.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	101
16.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS	101
16.3.1	Contidos.	101
16.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.	102
16.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	108
16.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.	111
16.5	ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.....	111
16.6	AVALIACIÓN.	111
16.6.1	Características da avaliación no Bacharelato.....	111
16.6.2	Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.	112
16.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.	112
16.6.4	Outras consideracións sobre os exames/probas/tarefas e a súa cualificación.	113
16.6.5	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.	114
16.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	114
16.7.1	Materiais didácticos.....	114
16.7.2	Recursos didácticos.	115
16.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	115
17	ANEXO 8: Programación para 2º curso de BACH (régime adultos).....	115
17.1	OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE.....	115
17.1.1	Obxectivos curriculares	115
17.1.2	Competencias clave	116
17.2	UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN.....	116
17.3	CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS	117
17.3.1	Contidos.	117
17.3.2	Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.	117
17.4	CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.....	123
17.4.1	Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.	126
17.5	ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.....	126
17.6	AVALIACIÓN.	126
17.6.1	Características da avaliación no Bacharelato.....	126
17.6.2	Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.	127
17.6.3	Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.	127
17.6.4	Outras consideracións sobre os exames/probas/tarefas e a súa cualificación.	128
17.6.5	Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.	129
17.7	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	129
17.7.1	Materiais didácticos.....	129
17.7.2	Recursos didácticos.	130
17.8	CONTIDOS TRANSVERSAIS.....	130

0 INTRODUCCIÓN:

Esta programación vai dirixida a alumnos/as de ESO e Bachillerato do entorno do barrio da Ponte e arredores, sendo este un barrio moi amplo e con unha poboación diversa que cada día acolle máis integrantes de orixe estranxeira polo que a atención á diversidade é de gran importancia. Os centros adscritos a este instituto son CEIP de Prácticas, CEIP Albino Núñez, Colexio Maristas, Colexio Salesianos.

0.1 Composición do Departamento de Inglés.

O departamento de inglés está formado por seis profesoras que traballan conxuntamente coa finalidade de acadar os mesmos obxectivos na difícil tarefa da ensinanza dunha lingua estranxeira. No seguinte cadro amósase o rol que cada un delas desenrolarán no presente curso:

NOME:	ROL OU CARGO:
Dona Stella Poveda Rodríguez	
Dona M^a Belén Ferro Bugueiro	Coordinadora da auxiliar de conversa
Dona Concepción Álvarez Torres	Vicedirectora
Dona M^a Mercedes Varela Núñez	Coordinadora do Pluribach
Dona Montserrat Prieto Carneiro	Xefa do Departamento
Dona Cristina Serén Bouzas	Coordinadora das seccións bilingües
Dona Claire Colvin	Auxiliar de conversa
A maiores, teremos a dous docentes máis, compartidos co Departamento de Francés e co de Tecnoloxía respectivamente, que completarán horario no Departamento de Inglés.	

0.2 Agrupación do alumnado.

No curso 2020-21, o alumnado será dividido nos seguintes cursos e grupos:

- 1º ESO 7 grupos
- 2º ESO 6 grupos máis 1 grupo de PMAR
- 3º ESO 5 grupos
- 4º ESO 4 grupos
- 1º Bach 7 grupos
- 2º Bach 5 grupos de Diurno, máis 1 grupo de ensino de Adultos.

Debemos procurar ser algo máis exixentes neste último ano, xa que o paso a bacharelato é difícil e se non van ben preparados, o fracaso é moi probable.

Nas materias bilingües, temos bioloxía en primeiro e cuarto de ESO, e matemáticas en primeiro e segundo de bacharelato. Nestes casos os profesores das materias en cuestión explican a materia en inglés e tamén nas outras linguas oficiais cando os conceptos son complicados. Os apuntes e os libros de texto son en inglés.

0.3 Reunións de departamento.

O departamento reunirse periodicamente segundo o fixado nos horarios correspondentes e por suposto sempre que sexa necesario para o bo funcionamento do mesmo.

Tamén se contempla nos horarios dos membros do departamento unha hora de atención a pais previa cita na Conserxería.

0.4 Reunións de coordinacións.

Como xa especificamos no apartado de composición do Departamento, este ano volvemos a contar coa colaboración dunha auxiliar de conversa, Claire, que ven ó noso centro por segundo ano consecutivo, e que enriquece en gran medida as clases prácticas.

Esta auxiliar de conversa colabora coas seccións bilingües de Valores Éticos (2 grupos de 4º de ESO), de Filosofía (1 grupo de 1º de Bach.), e de Psicoloxía (1 grupo de 2º de Bach.) Tamén colabora en Habilidades Sociais (1º Bach.) e Cineforum (2º Bach.) que se imparten en inglés (PLURIBACH).

Deste xeito, haberá diferentes reunións de coordinacións da auxiliar de conversa coas diferentes coordinadoras do Departamento de Inglés (coordinadora de Auxiliar de Conversa, coordinadora de Seccións Bilingües e coordinadora de Pluribach) e coa profesora das materias impartidas en inglés.

1 Programacións trimestrais (axustando as datas ó calendario 2020-21) de Materias do réxime xeral e Materias do réxime de Adultos.

1.1 Procedemento para a realización da proba inicial

A avaliación inicial de 1º de ESO, así como a avaliación inicial de todos os cursos, farase ó inicio do curso, nas datas sinaladas pola Dirección, e consistirá nunha proba común para todo o alumnado. Nesta proba valoraranse os coñecementos previos do alumnado nos seguintes apartados: Grammar, Vocabulary, Listening, Reading and Writing.

1.2 PROGRAMACIÓNS

1.2.1 Estrutura

As programacións dos diferentes cursos, que este departamento impartirá no curso 2020-21, seguen a seguinte estrutura:

- 1) OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE
- 2) UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN
- 3) CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS
- 4) CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.
- 5) ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS
- 6) AVALIACIÓN.
- 7) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
- 8) CONTIDOS TRANSVERSAIS.

1.2.2 Programacións das diferentes materias

As programacións de inglés dos diferentes cursos, pola súa extensión, figuran como ANEXOS ó final desta programación.

- 1) ANEXO 1: Programación para 1º curso de ESO.
- 2) ANEXO 2: Programación para 2º curso de ESO.
- 3) ANEXO 3: Programación para 2º curso de ESO PMAR.

- 4) ANEXO 4: Programación para 3º curso de ESO.
- 5) ANEXO 5: Programación para 4º curso de ESO.
- 6) ANEXO 6: Programación para 1º curso de BACHILLERATO.
- 7) ANEXO 7: Programación para 2º curso de BACHILLERATO.
- 8) ANEXO 9: Programación para 2º curso de BACHILLERATO (Régime Adultos).

1.3 Calendario de exames

No calendario de exames que elabora o Centro, figurarán os exames de Inglés dentro das datas que se sinalan a continuación:

cursos	AVALIACIÓN ORDINARIA			AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN	(Setembro)
ESO	Do 23 de Novembro ao 4 de Decembro	Do 1 de Marzo ao 12 de Marzo	Do 31 de Maio ao 11 de Xuño	Do 1 ao 3 de Setembro
1º BACH.	Do 23 de Novembro ao 4 de Decembro	Do 1 de Marzo ao 12 de Marzo	Do 31 de Maio ao 11 de Xuño	Do 1 ao 3 de Setembro
2º BACH.	Do 9 de Novembro ao 20 de Novembro	Do 3 de Febreiro ao 19 de Febreiro	Do 28 de Abril ao 12 de Maio	Do 1 ao 3 de Setembro
2º BACH. (nocturno)	Do 9 de Novembro ao 20 de Novembro	Do 3 de Febreiro ao 19 de Febreiro	Do 28 de Abril ao 12 de Maio	Do 1 ao 3 de Setembro

2 Plan de recuperación de materias pendentes co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente dos máis atrasados. Ditos plans estarán baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estibemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre.

Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, non só para os alumnos/as con materia pendente, senón tamén para todos os demais alumnos/as.

☞ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por

iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

- ✎ E para avaliar as **materias pendentes** só entrarán aqueles contidos incluídos na 1ª e 2ª avaliación do curso 2019-20. As profesoras que impartan no grupo no que están escolarizados os/as alumnos/as serán as encargadas da recuperación destes alumnos/as, mediante a proposta de exercicios e/ou probas. Se deste xeito, a profesora estimará a conveniencia de que o alumno que non recupere faga a proba que se marca desde Xefatura de Estudos. As probas e exames serán os mesmos para todos os alumnos/as dun mesmo curso.

Debemos salientar que os/as alumnos/as coa materia pendente dun/s curso/s anterior/es pódelle quedar aprobada de superar a materia (aprobar) do curso no que esté escolarizado/a.

2.1 Calendario de exames

No calendario de exames que elabora o Centro, figurarán os exames de Inglés dentro das datas que se sinalan a continuación:

cursos	AVALIACIÓN ORDINARIA			AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA
	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	AVALIACIÓN ORDINARIA	(Setembro)
ESO	12, 13 e 14 de Xaneiro	6, 7 e 8 de Abril	25,26 e 27 de Maio	Do 1 ao 3 de Setembro
BACH.	12, 13 e 14 de Xaneiro	6, 7 e 8 de Abril	25,26 e 27 de Maio	Do 1 ao 3 de Setembro
2º BACH.	12, 13 e 14 de Xaneiro	6, 7 e 8 de Abril	20, 21 e 22 de Abril	Do 1 ao 3 de Setembro

2.2 Programación por avaliacións:

Tomaremos como referencia os mínimos esixibles da programación xeral do curso correspondente (ver programación por curso) coa seguinte distribución temporal:

curso	temas	
PENDENTES con 1º ESO	1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
	2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
	3ª aval.:	Non se deron contidos (medida tomada en relación á COVID-19)
PENDENTES con 2º ESO	1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
	2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
	3ª aval.:	Non se deron contidos (medida tomada en relación á COVID-19)
PENDENTES con 3º ESO	1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
	2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
	3ª aval.:	Non se deron contidos (medida tomada en relación á COVID-19)
PENDENTES con 1º BACH	1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
	2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
	3ª aval.:	Non se deron contidos (medida tomada en relación á COVID-19)

2.3 Criterios cualificación:

- **Nota da 1ª avaliación:** a nota da proba e/ou traballos da 1ª avaliación.
- **Nota da 2ª avaliación:** a nota da proba e/ou traballos da 2ª avaliación
- **Nota da 3ª avaliación e ordinaria:** a nota da proba da avaliación ordinaria.
- **Nota da avaliación extraordinaria:** a nota da proba da avaliación extraordinaria.

3 Medidas de atención á diversidade.

A **atención á diversidade** non é máis que a aceptación da realidade na aula: o profesor/a nunca atopa un grupo homoxéneo de alumnos/as, polo que os nosos esforzos irán encamiñados a facer evolucionar as capacidades e os coñecementos de cada alumno/a tendo en conta as necesidades e o nivel de cada un/ha de eles/elas.

Trátase, en resumo, de que todos/as e cada un/ha dos/as alumnos/as se atopen sempre en situación de avance con respecto á consecución dos obxetivos finais, o cal se logrará por medio de diferentes medios.

En todas as nosas clases podemos atopar alumnos/as de diferente nivel de competencia lingüística, con necesidades especiais, o que forman parte de programas de PMAR. Para algúns deles elabóranse **programacións específicas**, pero cada día e en cada clase inténtase seguir metodoloxías que os orienten hacia alcanzar as capacidades mínimas esixidas e, incluso, se adaptan los objetivos da etapa.

Ó principio do curso realizamos unha **proba diagnóstica** (evaluación inicial), e xunto co resultado desta proba e a observación na aula os primeiros días, podemos distinguir o desfase curricular que presentan ou non os alumnos/as para poder atender ás particularidades de cada alumno/a.

Coñecendo a situación real da aula, os problemas e/ou necesidades dos nosos alumnos/as, explotaremos os *exercicios de repaso e extensión* que nos ofrecen os nosos libros de texto ou que elaboramos no grupo do Departamento, e trataremos en todo momento de *adaptar as actividades* en función dos niveis reais existentes na aula, tendo en conta o tempo a emplear e o esforzo a desenvolver por cada alumno/a.

Non obstante, existen casos especiais nos que se fai imprescindible facer adaptacións de currículo significativas, como é o caso dos **alumnos/as de necesidades educativas especiais** ou os **alumnos/as de altas capacidades**. Nestes casos elaboraremos adaptacións curriculares seguindo as directrices do Departamento de Orientación e do profesor/a de Pedagogía Terapéutica. No caso concreto dos **alumnos/as de altas capacidades**, o profesor/a ofrecerá tarefas que impliquen unha maior creatividade, procurando que o resto de alumnos/as da aula na que está escolarizado nunca se sinta afastados/as ou relegados/as. Estes alumnos/as de maior nivel deberían de cando en vez axudar ós seus compañeiros para fomentar o traballo en equipo e a tolerancia.

Os alumnos/as do plan PMAR teñen unhas certas necesidades que precisamos atender a través da adaptación da programación, pero aínda así, deben adquirir os criterios mínimos. Neste caso, o profesor/a intentará por en práctica unha metodoloxía ecléctica sistemática, para atender ós diferentes estilos de aprendizaxe dos alumnos/as.

4 Metodoloxía, materiais e recursos, libros de texto.

4.1 Metodoloxía.

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

4.2 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademais, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para afondar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

4.3 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

Tanto na ESO coma no Bacharelato, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente. O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

5 Contribución da materia ao logro das competencias básicas na ESO.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e actividades que se deseñen para as clases.

Aprender unha nova lingua é, seguramente, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de forma activa nunha cultura e nunha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias básicas da aprendizaxe. Ademais de adquirir a **Competencia en comunicación lingüística (CL)**, os alumnos/as deberán adquirir as demais competencias: a **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**, a **Competencia dixital (CD)**, mediante as actividades de Internet e os materiais dixitais, a competencia de **Aprender a aprender (AA)**, as **Competencias sociais e cívicas (CSC)**, a partir das interaccións e as dinámicas da clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa o **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE)** a **Conciencia e expresións culturais (CEC)**, a través dos textos e os temas elixidos.

O obxectivo primordial da ESO e do Bacharelato é facilitar o proceso de aprendizaxe para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utiliza a xuventude nativa da súa mesma idade.

Durante o proceso de adquisición da lingua inglesa é habitual que os alumnos/as mostren claras preferencias por determinadas áreas da aprendizaxe. Por exemplo, quizais lles interese máis aprender o inglés que falan os adolescentes hoxe en día que as regras gramaticais. Ou tamén, poida que teñan máis facilidade para unhas destrezas de aprendizaxe que para outras.

Dada a diversidade de tipos de estudante, é de vital importancia que o profesorado coñeza canto antes as preferencias e os puntos fortes e débiles de cada quen.

Nesta nova etapa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado é continua e a decisión do profesor/a de promover ao alumno/a será adoptada atendendo á consecución das competencias básicas e aos obxectivos da etapa, xa que, tanto os obxectivos coma a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas as competencias. E incluso, os criterios de avaliación, serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición.

A materia de lingua estranxeira inglés contribuirá na adquisición das citadas competencias básicas nas seguintes formas:

- © A **competencia en comunicación lingüística** (CL) ten como obxectivo enriquecer e buscar novos matices comprensivos e expresivos nesta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade de se expresar oralmente e por escrito.
- © A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (CMCT) alude á habilidade de razoar. Supon facer xuízos, tomar decisións e chegar a conclusións por medio dun proceso de resolución de problemas e da aplicación coherente da lóxica. A aplicación dos conceptos matemáticos á vida cotidiana resulta tamén importante. Para adquirir esta competencia o alumno/a debe coñecer e empregar o sistema numérico e os seus símbolos. Debe estar familiarizado cos distintos modos de expresarse e atopar solucións en termos numéricos, mentres que a competencia lingüística permítelle razoar, desenvolver argumentos, formular hipóteses, así como facer uso de razoamentos deductivos e inductivos, etc.
- © Tratamento da información e **competencia dixital** (CD) ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicámonos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios coa xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.
- © A **competencia para aprender a aprender** (AA) ao facilitar recursos ou completar a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a mesma. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva para a toma de decisións que favorecen a autonomía, co fin de utilizar e de seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.
- © A **competencias sociais e cívicas** (CSC) ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas. A través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as alleas, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese a aprendizaxe dos demais e cos demais.

- ⊙ **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE)** ao fomentar o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e de habilidades sociais de colaboración e de negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten a realización de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.
- ⊙ **A conciencia e expresións culturais (CEC)** ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países onde se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia cando se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e cando se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como poden ser a realización e a representación de simulacións e narracións.

6 Criterios de avaliación en relación coas competencias básicas na ESO.

6.1 Características da avaliación na ESO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, establececeranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☑ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☑ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☑ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☑ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☑ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☑ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar a ESO, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

6.2 Criterios de avaliación e promoción na ESO.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	15%
Vocabulary	15%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	15%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debера ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando decimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interés e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario** de Setembro non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

6.3.1 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.

- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

7 Programas específicos para alumnos/as repetidores na ESO.

O profesorado, que teña alumnado repetidor nos seus cursos, fará un seguimento do mesmo, a fin lograr o obxectivo da súa promoción.

8 Criterios de avaliación no Bacharelato.

8.1 Características da avaliación no Bacharelato.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse *medidas de reforzo educativo*. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos *procesos de ensino* coma dos *procesos de aprendizaxe*.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☑ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☑ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☑ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☑ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☑ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☑ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar o Bacharelato, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

8.2 Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	10%
Vocabulary	10%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	20%
Phonetics	5%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

8.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de Listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando dicimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interese e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario de Setembro** non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

8.3.1 Outras consideracións sobre os exames/probas/tafas e a súa cualificación.

O Departamento considera que hai unha serie de **consideracións** que os/as alumnos/as deben ter en conta á hora de realizar correctamente os exames, as probas ou incluso as tarefas para obter unha boa cualificación. Estas son:

- ☛ Na pregunta de **Pronunciation**, o alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consoantes, vogais, ditongos, terminacións, ...
- ☛ Na pregunta de **Transformation**, o alumno ten que modificar parte ou o total da frase con outras palabras pero tendo un igual ou similar significado.
- ☛ O **Writing** pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Debe cumprirse os seguintes parámetros:
 - ✗ *Alcance*: centrarse no tema proposto, transmitindo ideas claras e usando unha considerable variedade de recursos. Sabe usar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
 - ✗ *Riqueza e control do vocabulario*.
 - ✗ *Corrección gramatical*.
 - ✗ *Fluidez* (evitando cortes na comunicación ou malentendidos)
 - ✗ *Cohesión*. (Linking words)
 - ✗ *Coherencia* (texto organizado, coherente e ben estruturado)
- ☛ A pregunta do **Summary** será valorada segundo os seguintes criterios:
 - ✗ O/a alumno/a identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
 - ✗ O/a alumno/a expresou estas ideas en aprox. 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

8.3.2 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

9 Procedementos para acreditar os coñecementos previos.

Ao comezo do curso tódolos profesores realizarán una proba diagnóstica igual ou similar de contidos básicos onde se valoren os coñecementos previos que teñen os alumnos/as desa material.

Fixaranse os contidos mínimos que teñen que acadar para unha valoración positiva. No caso contrario o profesor tomará as medidas necesarias para facer as modificacións pertinentes na súa programación e adaptala o seu grupo.

A nota acadada nesta proba contará soamente como referencia para coñecer o nivel dos alumnos/as. Serán os outros exames e probas os que terán relevancia para a nota da avaliación.



10 ANEXO 1: Programación para 1º curso de ESO.

10.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

10.1.1 Obxectivos curriculares

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

10.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- ⊗ Conciencia e expresións culturais (CEC).

10.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades:

AVALIACIÓN	UNIDADES
1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
3ª aval.:	• Unit 7, Unit 8 e Unit 9.

10.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

10.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e conversar).	✓ Speaking
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e	✓ Vocabulary

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

10.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
- a - c - d - i	- B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. - B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. - B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. - B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. - B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso. - B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.	- PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. - PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez. - PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. - PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito. - PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
-----	----------	-------------------------	---------------------------	------------

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

- a - c - d - i	- B2.1. Estratexias de produción: - Planificación. - Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. - Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa - Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Execución. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: - Lingüísticos: - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión. - Paralingüísticos: - Petición de axuda ou clarificación. - Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puh, etc.) de valor comunicativo. - Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. - B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. - B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.	- B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. - B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. - B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. - B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. - B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). - B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. - B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	- PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. - PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. - PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). - PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. - PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. - PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC
--	---	--	---	--

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
- a - c - d	- B3.1. Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información	B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de	PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións	- CCL - CD - CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

• e • i	superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. • B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.	significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. • B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). • B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. • B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. • B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. • B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	• CCEC
			• PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	• CCL • CD • CAA • CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción				
• a • c • d • i	• B4.1. Estratexias de produción: – Planificación. – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. – Execución. – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estructuración do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea	• B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo unha idea principal en cada parágrafo, etc.). • B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar	• PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	• CCL • CD • CAA • CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva.	notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. • B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. • B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. • B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. • B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	• PLEB4.4. Escribse notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB4.5. Escribse correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	• CCL • CD • CAA • CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
• a • c • d • i • o	• B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos básicos. - Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. • B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. • B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. • B5.4. Plurilingüismo: - Identificación de similitudes e diferenzas entre as	• B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións. • B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións). • B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. • B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas. • B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. • B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as	• PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. • PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. • PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). • PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	• CCL • CAA • CCEC • CCL • CAA • CCEC • CCL • CD • CAA • CCEC • CCL • CD • CAA • CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxela de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.	linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. ▪ B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. ▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	▪ PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais). ▪ PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. ▪ PLB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
---	---	--	--

10.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
-----	-------------------------	-------------------

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Os saúdos, as fórmulas de presentación e a linguaxe na aula; práctica da linguaxe e expresións típicas para preguntar e dar información persoal; para falar sobre as rutinas cotiás e as horas; para falar sobre animais de compañía. • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Abrir un perfil persoal; produción dunha entrada dun blog falando do seu día favorito da semana; escribir un informe sobre un animal empregando axeitadamente os sinais de puntuación.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Material escolar, os números cardinais, as cores, os números ordinais, os días da semana e os meses do ano; países e nacionalidades, e a familia; rutinas cotiás e as horas, actividades do tempo de lecer; animais e partes do corpo. • GRAMÁTICA: Repaso verbo <i>to be</i>, respostas curtas, pronomes persoais, os adxectivos demostrativos e as partículas interrogativas; verbo <i>have got</i> en afirmativa, negativa e interrogativa, adxectivos posesivos; <i>Presente Simple</i> (en afirmativa, negativa e interrogativa); xenitivo saxón para expresar posesións; expresións temporais e adverbios de frecuencia; plurais irregulares con partes do corpo. • PRONUNCIACIÓN: pronuncia de sons de especial dificultade: /i:/ e /i/ nos números que rematan en -teen e -ty, e das contraccións co verbo <i>to be</i>; pronuncia correcta da 3ª persoa dos verbos /s/ likes; /z/ plays e /ɪz/ watches; pronuncia correcta das partículas interrogativas e entoación das frases.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: As mesturas cromáticas para crear cores novas e coñecemento das datas dalgunhas festividades; o mundo da tecnoloxía; costumes doutros países: sobre familias célebres de películas, series, libros, datos sobre os colexios e sistemas educativos noutros países, aspectos culturais como os horarios das comidas no Reino Unido; datos curiosos e interesantes sobre o coñecemento do mundo animal en xeral e animais en perigo de extinción.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Os saúdos, as fórmulas de presentación e a linguaxe na aula; práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre cuartos e moblaxe; para falar de comida e de que alimentos gustan máis (I love..., I like..., I don't mind...); para falar das túas habilidades deportivas • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: escribir un texto descritivo dunha ilustración; produción dunha crítica dun restaurante, tendo en conta a colocación dos adxectivos nas frases.; produción dun regulamento de xogo dun deporte, empregando axeitadamente os sinais de puntuación e organizar un texto empregando conectores de secuencia

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	- VOCABULARIO: a casa e a moblaxe, as tarefas do fogar; a comida e os sentimentos; o deporte e verbos relacionados con este. - GRAMÁTICA: <i>Present Continuous</i> (en afirmativa, negativa, interrogativa), contraste entre o <i>Present Simple</i> e o <i>Present Continuous</i>, uso de diferentes expresións temporais cos tempos verbais; emprego dos determinantes <i>a</i>, <i>an</i>, <i>some</i> e <i>the</i> e os nomes contables e incontables, <i>There is / there are</i> (afirmativa, negativa e interrogativa); expresar a habilidade, a posibilidade e permiso co verbo modal <i>can</i> (en afirmativa, negativa, interrogativa) formación e emprego dos adverbios de modo, expresar obriga co verbo modal <i>must</i> e a prohibición con <i>mustn't</i>. - PRONUNCIACIÓN: Identificar e pronunciar axeitadamente a terminación -ing dos verbos; Pronuncia axeitada das contraccións das partículas interrogativas con "is"; pronuncia dos sons /I/ ou /i:/ en "meat" e "sit" e da forma feble de <i>some</i>; pronuncia da forma feble de can; pronuncia axeitada das contraccións con can e must.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	CULTURA: Proverbios relacionados co fogar; arquitectura das primeiras casas de diferentes períodos da historia; o deseño inusual e sorprendente de diversas casas de aparencia futurista; os alimentos que debe incluír unha dieta saudábel; datos curiosos sobre os alimentos; nomes estraños que reciben algúns alimentos que se consomen moito no Reino Unido; datos curiosos sobre deportes; datos sobre deportistas célebres.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	- COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de actividades pasadas; para falar de roupa; práctica da linguaxe e expresións típicas á hora de mercar un billete de tren e facer plans para as vacacións. - COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Produción da descrición dunha vila ou cidade; produción dun correo electrónico falando das actividades realizadas durante a fin de semana (en pasado) empregando os conectores de secuencia de acontecementos (first, next, then e finally); redacción sobre plans para as vacacións; uso correcto da puntuación e da vírgula; comprensión escrita de cartas a unha revista sobre transporte ecolóxico, un folleto dunha axencia de viaxes, uns textos curtos sobre aplicacións de móbil que che axudan a planificar as vacacións e un correo electrónico sobre uns plans de vacacións de verán.

➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Os lugares da cidade e actividades, e as preposicións de lugar; a roupa e os accesorios e os adxectivos que se poden aplicar a persoas, a roupas ou a ambos os dous; os medios de transporte e os verbos que se empregan con diferentes medios de transporte, os accidentes xeográficos. • GRAMÁTICA: Preposicións de lugar; expresión de datos e opinións co pasado do verbo to be (was / were), uso e formación, estrutura e usos de There were / There were; expresións de accións pasadas: <i>Past Simple</i> en afirmativa, expresións temporais; expresión de plans futuros: <i>be going to</i> (afirmativa, negativa e interrogativa), o <i>Present Continuous</i> con valor de futuro. • PRONUNCIACIÓN: acento nas palabras compostas; pronuncia axeitada da forma feble de was e were; pronuncia das terminacións verbais do pasado nos verbos irregulares (-ed): /d/, /t/ e /ɪd/; identificar os patróns de acentuación dentro da oración; pronuncia axeitada de sons de especial dificultade como: /əʊ/, /aʊ/ e /u:/ en “go”, “out” e “too”; pronuncia de /b/ e /v/ en “bus” e “van”.
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: A tradición dos pubs ingleses; datos interesantes sobre o Drácula de Bram Stoker e sobre algúns dos monstros da literatura universal máis coñecidos; rúas célebres polas compras en diversas cidades do mundo; datos curiosos sobre Levi Strauss, inventor dos vaqueiros; as familias reais en distintos países do mundo; historia dalgunhas multinacionais de roupa; <i>Fashion logos</i>: marcas de moda; fontes de enerxía que empregan diversos medios de transporte.

10.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

☞ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

10.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e**

interdisciplinares. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade.**

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

10.6 AVALIACIÓN.

10.6.1 Características da avaliación na ESO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☑ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☑ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☑ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☑ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☑ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☑ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar a ESO, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

10.6.2 Criterios de avaliación e promoción na ESO.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	15%
Vocabulary	15%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	15%
Classroom Work	10%

TOTAL	100%
-------	------

10.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando decimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interés e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario** de Setembro non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

10.6.4 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.

- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

10.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

10.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademais, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para afondar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

10.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

Na ESO, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

10.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que hoxe en día teñen máximo interese tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.

11 ANEXO 2: Programación para 2º curso de ESO.

11.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

11.1.1 Obxectivos curriculares

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

11.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- ⊗ Conciencia e expresións culturais (CEC).

11.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades (que corresponden ó libro de texto a empregar este ano da editorial de Burlington):

AVALIACIÓN	UNIDADES
1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
3ª aval.:	• Unit 7, Unit 8 e Unit 9.

11.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

11.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e conversar).	✓ Speaking
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Vocabulary ✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

11.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
- a - c - d - i	- B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do	- PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.	texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagógicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ i	▪ B2.1. Estratexias de produción: – Planificación. – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Execución. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: – Lingüísticos: – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou parafrase dun termo ou	▪ B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. ▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que	▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	– unha expresión. – Paralingüísticos: – Petición de axuda ou clarificación. – Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. – Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.	se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. ▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). ▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. ▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
	▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.		▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i	▪ B3.1. Estratexias de comprensión: – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do	▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). ▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiás, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. ▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de	▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	texto.	certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	- CCL - CD - CAA - CCEC
--	--------	--	---	--

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
- a - c - d - i	- B4.1. Estratexias de produción: - Planificación. - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. - Execución. - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva.	- B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). - B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. - B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. - B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. - B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. - B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	- PLEB4.1. Escribse notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. - PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. - PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). - PLEB4.4. Escribse notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. - PLEB4.5. Escribse correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. - PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
- a - c - d	- B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos básicos.	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar	PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas	- CCL - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

▪ i ▪ o	– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.4. Plurilingüismo: – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e cuidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.	repeticións. ▪ B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións). ▪ B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. ▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas. ▪ B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. ▪ B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. ▪ B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. ▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	(nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ▪ PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. ▪ PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). ▪ PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. ▪ PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais). ▪ PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. ▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
--	---	---	---	--

11.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Repaso das presentacións formais e informais, así como da linguaxe na aula; os saúdos e as presentacións; práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre os gustos persoais, para falar de actividades que están a ocorrer no momento, e para facer recomendacións. • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Uso correcto das maiúsculas e da puntuación; Intercambio de e-mails e participación nun e-pal site; descrición escrita dunha fotografía; descrición por escrito un evento.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Repaso do vocabulario relacionado cos distintos cuartos dunha casa, a familia, os medios de transporte, a roupa e os sentimentos, as preposicións de lugar; materias escolares & actividades extra-escolares, material escolar, rutinas, gustos e preferencias; emocións e sentimentos e verbos relacionados, adxectivos de personalidade; música, instrumentos e diferentes estilos, formación de mapas de palabras e adxectivos. • GRAMÁTICA: Repaso dos verbos <i>to be</i> e <i>have got</i>, e das formas <i>There is/There are</i>; o Present Simple, os adverbios de tempo e de frecuencia; as partículas interrogativas; o Present Continuous; os adverbios temporais: <i>now</i>, <i>right now</i> e <i>at the moment</i>; diferenzas de uso entre o Present Simple e o Present Continuous; os verbos estáticos; <i>There was</i> e <i>There were</i> en afirmativa, negativa, interrogativa, en preguntas e en respostas curtas; o Past Simple en afirmativa: verbos regulares, irregulares e expresións de tempo. • PRONUNCIACIÓN: pronuncia correcta do son /dju:/, da terminación dos verbos na 3.ª persoa do singular do Present Simple: /s/, /z/ e /ɪz/; terminación -ing dos verbos en Present Continuous (/ɪŋ/); contraccións que acompañan as partículas interrogativas; palabra "live" como verbo e como adxectivo, e das terminacións en pasado /d/, /t/ e /ɪd/.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: Datos curiosos e interesantes sobre o tamaño das clases en diferentes países, sobre o material escolar; o deporte como medio para axudar aos demais; concienciación e consideración da creación de programas de voluntariado para axudar ás persoas; datos curiosos sobre os instrumentos musicais típicos de diferentes países.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas para facer reportaxes; pedir e dar información sobre experiencias pasadas; falar do tempo climatolóxico e describir acontecementos pasados; dar consello e facer suxerencias. • COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: produción dunha entrada nun blog; conectores de secuencia; narrar unha situación de emerxencia por un desastre natural prestando especial atención ao uso os pronomes; responder nunha columna de revista sobre saúde.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: vocabulario relacionado coas partes do corpo; verbos que se utilizan en reportaxes; o clima, mapas, informe meteorolóxico, desastres climatolóxicos e quentamento global; saúde e comida, hábitos saudables. • GRAMÁTICA: O <i>Past Simple</i> en negativa e interrogativa; presente simple; partículas interrogativas; presente simple e continuo; <i>there was/were</i>; pasado continuo afirmativa, negativa e interrogativa; As expresións que acompañan o <i>Past Continuous</i>: <i>yesterday, last night, a week ago, two hours ago</i> e <i>at 4 o'clock</i>; verbos modais de habilidade, obrigação y prohibición (<i>can, could, must</i> e <i>should</i>); • PRONUNCIACIÓN: pronuncia correcta dos sons vocálicos /ɔ:/, /əʊ/ e /a ʊ/; practicar o ritmo e a entoación das palabras; identificación e pronuncia correcta das formas débiles de <i>was</i> e <i>were</i>; acentuación correcta das frases; pronuncia correcta do son /k/; pronuncia correcta da forma negativa dos verbos modais e as súas contraccións,
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: as diferentes criaturas mitolóxicas, seres ficticios (zombis e lobihomes); información interesante sobre Bigfoot e outras lendas; información interesante sobre as técnicas que diferentes animais usan para conseguir alimento; os distintos tipos de medición de temperatura: conversión de graos Celsius a Fahrenheit; sobre o consumo de calorías en relación co sexo e a idade da persoa; os xermes (as bacterias e os virus)..

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de animais; práctica da linguaxe e expresións típicas para pedir axuda; práctica da linguaxe e expresións típicas para facer predicións. • COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Produción dunha reportaxe sobre un animal; aprendizaxe dos contidos que debe haber no corpo dun parágrafo; produción dun texto sobre os plans que farán a próxima fin de semana; atopar erros nunha redacción; produción dunha redacción na que fagan unha predición.

➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Nomes de animais e adxectivos para describir animais; os ordenadores, verbos relacionados coa tecnoloxía; as profesións, adxectivos descritivos. • GRAMÁTICA: Os adxectivos comparativos e os adxectivos irregulares; os artigos e os cuantificadores; <i>be going to</i> en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas; as expresións temporais; o <i>Present Continuous</i> con valor de futuro; <i>Will</i> en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas; as expresións de tempo; primeiro condicional en afirmativa. • PRONUNCIACIÓN: acentuación correcta das palabras; pronuncia correcta do son /h/, do fonema /s/ xunto con outros sons, dos sons /ð/ e /θ /; entoación correcta das oracións compostas; pronuncia correcta das contraccións con <i>will</i>
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: diferenciar os animais nocturnos dos diúrnos; información interesante sobre animais que simbolizan ou forman parte de emblemas que representan distintos países; información do uso das palabras <i>megabyte</i>, <i>gigabyte</i> e <i>terabyte</i>; os inventos; inferir o que din as liñas da man que aparecen na imaxe; os signos do zodíaco

11.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

➤ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

11.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que

o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

11.6 AVALIACIÓN.

11.6.1 Características da avaliación na ESO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☒ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☒ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☒ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☒ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☒ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☒ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar a ESO, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

11.6.2 Criterios de avaliación e promoción na ESO.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	15%
Vocabulary	15%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	15%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

11.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando decimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interés e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario** de Setembro non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

11.6.4 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

11.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

11.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademáis, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para aprofundar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

11.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

Na ESO, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a

cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

11.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que hoxe en día teñen máximo interese tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.

12 ANEXO 3: Programación para 2º curso de ESO PMAR.

12.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

12.1.1 Obxectivos curriculares

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- j) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- k) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- l) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- m) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- n) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- o) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- p) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- q) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- r) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- o) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- p) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- q) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

12.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- ⊗ Conciencia e expresións culturais (CEC).

12.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades (que corresponden ó libro de texto a empregar este ano da editorial de Burlington):

AVALIACIÓN	UNIDADES
1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1 e Unit 2
2ª aval.:	• Unit 3 e Unit 4.
3ª aval.:	• Unit 5 e Unit 6.

12.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

12.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e conversar).	✓ Speaking
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Vocabulary ✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

12.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliábles e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
- a - c - d - i	- B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do	- PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.	texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
	▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.	▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagógicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ i	▪ B2.1. Estratexias de produción: – Planificación. – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Execución. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: – Lingüísticos: – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou parafrase dun termo ou	▪ B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. ▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que	▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	– unha expresión. – Paralingüísticos: – Petición de axuda ou clarificación. – Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. – Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.	se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. ▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). ▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. ▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
	▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.		▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i	▪ B3.1. Estratexias de comprensión: – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do	▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). ▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiás, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. ▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de	▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	texto.	certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	- CCL - CD - CAA - CCEC
--	--------	--	---	--

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
- a - c - d - i	- B4.1. Estratexias de produción: - Planificación. - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. - Execución. - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva.	- B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). - B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. - B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. - B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. - B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. - B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	- PLEB4.1. Escribse notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. - PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. - PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). - PLEB4.4. Escribse notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. - PLEB4.5. Escribse correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. - PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
- a - c - d	- B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos básicos.	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar	PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas	- CCL - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

▪ i ▪ o	– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.4. Plurilingüismo: – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.	repeticións. ▪ B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións). ▪ B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. ▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas. ▪ B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. ▪ B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. ▪ B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. ▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	(nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ▪ PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. ▪ PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). ▪ PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. ▪ PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais). ▪ PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. ▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
--	---	---	---	--

12.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Repaso das presentacións formais e informais, así como da linguaxe na aula; os saúdos e as presentación; práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre os gustos persoais, para falar de actividades que están a ocorrer no momento. • COMPENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Uso correcto das maiúsculas e da puntuación; Intercambio de e-mails e participación nun e-pal site; descrición escrita dunha fotografía.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Repaso do vocabulario relacionado cos distintos cuartos dunha casa, a familia, os medios de transporte, a roupa e os sentimentos, as preposicións de lugar; materias escolares & actividades extra-escolares, material escolar, rutinas, gustos e preferencias; emocións e sentimentos e verbos relacionados, adxectivos de personalidade. • GRAMÁTICA: Repaso dos verbos <i>to be</i> e <i>have got</i>, e das formas <i>There is/There are</i>; o Present Simple, os adverbios de tempo e de frecuencia; as partículas interrogativas; o Present Continuous; os adverbios temporais: <i>now</i>, <i>right now</i> e <i>at the moment</i>; diferenzas de uso entre o Present Simple e o Present Continuous; os verbos estáticos. • PRONUNCIACIÓN: pronuncia correcta do son /dju:/, da terminación dos verbos na 3.ª persoa do singular do Present Simple: /s/, /z/ e /ɪz/; terminación -ing dos verbos en Present Continuous (/ɪŋ/); contraccións que acompañan as partículas interrogativas.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: Datos curiosos e interesantes sobre o tamaño das clases en diferentes países, sobre o material escolar; o deporte como medio para axudar aos demais; concienciación e consideración da creación de programas de voluntariado para axudar ás persoas.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
-----	-------------------------	-------------------

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Práctica da linguaxe e expresións típicas para facer recomendacións; para facer reportaxes; pedir e dar información sobre experiencias pasadas; • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Descrición por escrito un evento; produción dunha entrada nun blog.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Vocabulario relacionado coa música, instrumentos e diferentes estilos, formación de mapas de palabras e adxectivos; vocabulario relacionado coas partes do corpo. • GRAMÁTICA: O Past Simple en afirmativa: verbos regulares, irregulares e expresións de tempo; o Past Simple en negativa e interrogativa; partículas interrogativas; there was/were; pasado continuo afirmativa, negativa e interrogativa; • PRONUNCIACIÓN: pronuncia correcta da palabra “live” como verbo e como adxectivo, e das terminacións en pasado /d/, /t/ e /ɪd/; pronuncia correcta dos sons vocálicos /ɔ:/, /əʊ/ e /a ʊ/; practicar o ritmo e a entoación das palabras; identificación e pronuncia correcta das formas débiles de was e were.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: Datos curiosos sobre os instrumentos musicais típicos de diferentes países; as diferentes criaturas mitolóxicas, seres ficticios (zombis e lobihomes); información interesante sobre Bigfoot e outras lendas; información interesante sobre as técnicas que diferentes animais usan para conseguir alimento.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: falar do tempo climatolóxico e describir acontecementos pasados; dar consello e facer suxerencias. • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: conectores de secuencia; narrar unha situación de emerxencia por un desastre natural prestando especial atención ao uso os pronomes; responder nunha columna de revista sobre saúde.

➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Verbos que se utilizan en reportaxes; o clima, mapas, informe meteorolóxico, desastres climatolóxicos e quentamento global; saúde e comida, hábitos saudables. • GRAMÁTICA: As expresións que acompañan o <i>Past Continuous</i>: <i>yesterday, last night, a week ago, two hours ago</i> e <i>at 4 o'clock</i>; verbos modais de habilidade, obrigación y prohibición (<i>can, could, must</i> e <i>should</i>); • PRONUNCIACIÓN:; acentuación correcta das frases; pronuncia correcta do son /k/; pronuncia correcta da forma negativa dos verbos modais e as súas contraccións,
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA:; os distintos tipos de medición de temperatura: conversión de graos Celsius a Fahrenheit; sobre o consumo de calorías en relación co sexo e a idade da persoa; os xermes (as bacterias e os virus)..

12.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

☞ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

12.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

12.6 AVALIACIÓN.

12.6.1 Características da avaliación na ESO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☒ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☒ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☒ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☒ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☒ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☒ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar a ESO, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

12.6.2 Criterios de avaliación e promoción na ESO.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	15%
Vocabulary	15%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	15%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

12.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.

- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando decimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interés e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario** de Setembro non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

12.6.4 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

12.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

12.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademais, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para afondar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

12.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

Na ESO, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a

cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

12.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que hoxe en día teñen máximo interese tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.

13 ANEXO 4: Programación para 3º curso de ESO.

13.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

13.1.1 Obxectivos curriculares

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

13.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- ⊗ Conciencia e expresións culturais (CEC).

13.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades (que corresponden ó libro de texto a empregar este ano da editorial de Burlington):

AVALIACIÓN	UNIDADES
1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
3ª aval.:	• Unit 7, Unit 8 e Unit 9.

13.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

13.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e conversar).	✓ Speaking
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Vocabulary ✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

13.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
- a - c - d - i	- B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.	- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do	- PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. - PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.	• B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. • B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. • B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. • B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. • B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso. • B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.	• PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.	• CCL • CD • CAA • CCEC
			• PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	• CCL • CAA • CCEC
			• PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	• CCL • CAA • CCEC
			• PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagógicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	• CCL • CD • CAA • CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
• a • c • d • i	• B2.1. Estratexias de produción: – Planificación. – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Execución. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: – Lingüísticos: – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou parafrase dun termo ou	• B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. • B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. • B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. • B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que	• PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. • PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. • PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). • PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	• CCL • CD • CAA • CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	– unha expresión. – Paralingüísticos: – Petición de axuda ou clarificación. – Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. – Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). – Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. – Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.	se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. ▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). ▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. ▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
	▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.		▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i	▪ B3.1. Estratexias de comprensión: – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do	▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). ▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiás, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. ▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de	▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	texto.	certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	- CCL - CD - CAA - CCEC
--	--------	--	---	--

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
- a - c - d - i	- B4.1. Estratexias de produción: - Planificación. - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. - Execución. - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). - Reescritura definitiva.	- B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). - B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. - B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. - B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. - B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. - B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	- PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. - PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. - PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). - PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. - PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. - PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
- a - c - d	- B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos básicos.	B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar	PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas	- CCL - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

▪ i ▪ o	– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. ▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.4. Plurilingüismo: – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.5. Funcións comunicativas: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. – Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.	repeticións. ▪ B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións). ▪ B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. ▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas. ▪ B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. ▪ B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. ▪ B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. ▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	(nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. ▪ PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. ▪ PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). ▪ PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. ▪ PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais). ▪ PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. ▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
--	---	---	---	--

13.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Repaso das presentacións formais e informais, así como da linguaxe na aula; práctica da linguaxe e expresións típicas para pedir comida; expresións como What about ... ?, Would you like ...?, Why don't we ...?, para pedir información (What ... ?, How much ...?, When ... ?); práctica da linguaxe e expresións típicas para responder a peticións (Sure; Of course; No problem; Sorry. • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Producción dunha crítica dun restaurante, restaurante ordenando correctamente varios parágrafos; descrición dun cadro, colocar en orde correcta as palabras na oración; escribir un informe sobre un deporte e os conectores de finalidade.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Repaso do vocabulario relacionado coa familia, os accidentes xeográficos, o tempo meteorolóxico, os animais, as partes do corpo, os lugares dunha cidade, os deportes, a roupa e os alimentos; a comida e bebida, adxectivos para describir a comida e a bebida; a arte, diferentes tipos e diferentes profesións relacionadas coa arte, e os adxectivos descritivos; equipamento deportivo, verbos de acción relacionados co deporte. • GRAMÁTICA: Repaso dos verbos to be e have got e das expresións There is / There are; Os cuantificadores: a / an, the, some, any, a lot of, many, much, How much...?, How many ...?; o <i>Present Simple</i> e as expresións temporais: every day, on Sundays, at the weekend; os adverbios de frecuencia: always, often, sometimes, never, usually; fórmulas para falar de accións continuas: o <i>Present Continuous</i> e as expresións temporais que o acompañan: now, right now, at the moment; fórmulas para facer comparacións: os adxectivos en grao comparativo e superlativo. • (not) as ... as, too + adxectivo, (not) + adxectivo + enough. • PRONUNCIACIÓN: pronuncia correcta de sons consonánticos do plural en palabras como nuts e prawns; , e de sons vocálicos presentes en palabras como big e be; a entoación e o ritmo das oracións; pronuncia da terminación -ing dos verbos; pronuncia axeitada da forma débil de than e as
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: datos curiosos e exercicio sobre a comida típica de cinco países, datos curiosos e exercicio sobre a comida para levar en E.U.A; coñecementos sobre as diferentes expresións artísticas e o seu autor; datos curiosos que se dan sobre a orixe e a historia do maratón, e os maratóns extremos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas para facer a facturación; para falar de películas e de programas de televisión (What's it about?, Who are the main characters?, Did you like it?); para falar de eventos pasados (What happened?, Where did it happen?, What was ... doing?); para dar opinións; para dar consello (I think those ... are ..., I don't like that ..., In my opinión, ..., My advise is to ..., It's a good idea to ..., You should definitely). • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: produción dun correo electrónico sobre unha viaxe empregando axeitadamente os conectores de secuencia; produción dunha crítica dun libro, empregando axeitadamente varios adxectivos e adverbios; produción dun consello como resposta a unha pregunta dun consultorio, empregando os adxectivos na orde axeitada.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: artigos de viaxe nun aeroporto; accidentes xeográficos; nomes de profesións; as emocións; pezas de roupa e accesorios de moda, adxectivos relacionados coa moda. • GRAMÁTICA: <i>Past Simple</i> e as expresións temporais que o acompañan; pronuncia correcta da terminación -ed dos verbos regulares en pasado; o <i>Past Continuous</i> e as expresións temporais que o acompañan: at five o'clock, an hour ago, last night; contraste entre o <i>Past Continuous</i> e o <i>Past Simple</i>, when e while; dar consellos e expresar habilidade en presente e en pasado, obriga, ausencia dela, e prohibición, descrición de accións, os modais: <i>should, must, can, could, have to/ don't have to</i>. • PRONUNCIACIÓN: pronuncia axeitada dos sons consonánticos presentes en palabras como shampoo e torch; e pronuncia da terminación -ed dos verbos regulares en pasado: /t/, /d/ e /ɪd/; pronuncia axeitada do son consonántico presente en palabras como judge; pronuncia axeitada de sons vocálicos presentes en palabras como look e you; pronuncia correcta das formas contraídas (can't / cannot, mustn't / must not, couldn't / could not, shouln't / should not)
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: datos sobre diferentes medios de transporte; datos curiosos e exercicio sobre os diferentes tipos de galardóns que se entregan en Hollywood; sobre varios escritores e os datos sobre a orixe das ideas que empregaron para construír os seus personaxes e historias máis coñecidas; Sherlock Holmes e outros detectives ficticios de zona; datos curiosos e exercicio sobre a cantidade de roupa que mercan ao ano os británicos; a historia da moda e datos curiosos sobre como se emprega a tecnoloxía no campo da moda.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
-----	-------------------------	-------------------

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de plans (Where are you going this weekend?, Who is going with you?, What are you going to do there?, ...); para facer predicións; para dar indicacións; para falar de experiencias empregando o <i>present perfect</i>; para amosar acordo e desacordo (I think you're wrong; That's true; I disagree; You're right; I don't think so; I agree; Definitely; That's a good point, etc), para falar de inventos. • COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Produción dunha redacción baseada en predicións de como será a vida dentro de 70 anos; produción dun blog sobre unhas vacacións, empregando correctamente os conectores de causa e efecto; produción dunha redacción na que expresen a súa opinión sobre un invento.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: O espazo e as viaxes espaciais; os espazos da cidade; o medio ambiente; os teléfonos móbiles e outros distintos dispositivos tecnolóxicos, adxectivos descritivos, a tecnoloxía relacionada coa saúde. • GRAMÁTICA: Expresión de plans, predicións, expresión de intención e posibilidade: o futuro con <i>will, be going to, Present Continuous</i> con valor de futuro (afirmativa, negativa e interrogativa) e expresións temporais: tomorrow, soon, next week, in five years; facer promesas e expresar intención e posibilidade: o primeiro condicional; <i>Present Perfect Simple</i> (afirmativa, negativa e interrogativa) e expresións temporais (ever, just, already, never, yet, for, since); e o contraste entre for e since; fórmulas para falar de procesos e accións pasadas: a voz pasiva en presente e en pasado. • PRONUNCIACIÓN: entoación correcta das oracións compostas; e a forma contraída de will, 'll; pronuncia correcta dos sons vocálicos presentes en palabras como: wi-fi e voicemail; pronuncia correcta das formas débiles de was e were
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: datos curiosos sobre o Sistema Solar; diferentes maneiras de vida e de cidades; sobre a tecnoloxía relacionada coa saúde; a publicidade e os inventos.

13.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

➤ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do

curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

13.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

13.6 AVALIACIÓN.

13.6.1 Características da avaliación na ESO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, establececeranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☑ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☑ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☑ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☑ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☑ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☑ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar a ESO, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

13.6.2 Criterios de avaliación e promoción na ESO.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	15%
Vocabulary	15%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	15%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

13.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando decimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interés e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior á da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario** de Setembro non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

13.6.4 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación.

Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.

- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

13.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

13.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademais, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para afondar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

13.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

Na ESO, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas.

Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

13.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que hoxe en día teñen máximo interese tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.

14 ANEXO 5: Programación para 4º curso de ESO.

14.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

14.1.1 Obxectivos curriculares

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

14.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).

© Conciencia e expresións culturais (CEC).

14.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades (que corresponden ó libro de texto a empregar este ano da editorial de Burlington):

AVALIACIÓN	UNIDADES
1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
3ª aval.:	• Unit 7, Unit 8 e Unit 9.

14.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

14.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e conversar).	✓ Speaking
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Vocabulary ✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

14.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
		Bloque 1. Comprensión de textos orais		

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

- a - c - d - i	- B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. - B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. - B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.	- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. - B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. - B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. - B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso. - B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes.	PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	- CCL - CAA - CCEC
			PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	- CCL - CAA - CCEC
			PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	- CCL - CAA - CCEC
			PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	- CCL - CD - CAA - CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
- a - c - d - i	- B2.1. Estratexias de produción: – Planificación. – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Execución. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa	- B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. - B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. - B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio	PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	- CCL - CD - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: - Lingüísticos: - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou parafrase dun termo ou unha expresión. - Paralingüísticos: - Petición de axuda ou clarificación. - Sinalización de obxectos, uso deicticos ou realización de accións que aclaren o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. - Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser reinterpretadas. - B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. - B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.	do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. - B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. - B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). - B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes. - B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	- CCL - CAA - CCEC
			PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	- CCL - CD - CAA - CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
- a - c - d - e - i	- B3.1. Estratexias de comprensión: - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). - Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. - Distinción de tipos de	- B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. - B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.). - B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e	- PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). - PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida ler as seccións difíciles.	- CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.	non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. - B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. - B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. - B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.	PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.	- CCL - CD - CAA - CCEC
			PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	- CCL - CD - CAA - CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
- a - c - d - i	B4.1. Estratexias de produción: - Planificación. - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). - Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. - Execución. - Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. - Estructuración do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "xa nos veremos", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto	B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con conectores elementais. B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención ás marxes,	PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	- CCL - CD - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	(marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva.	riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital.	• PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	• CCL • CD • CAA • CCEC
--	--	---	---	----------------------------------

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
• a • c • d • i • o	- B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Sons e fonemas vocálicos. - Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. - Procesos fonolóxicos básicos. - Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. - B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. - Uso das normas básicas de ortografía da palabra. - Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. - B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida (vivenda e contexto); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares); música, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos, lugares, etc.; e costumes, valores e actitudes máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira. - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - B5.4. Plurilingüismo: - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. - B5.5. Funcións comunicativas: - Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. - Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. - Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. - Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e advertencias. - Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. - Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os	- B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronunciación polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións. - B5.2. Coñecer e utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, etc.), ás condicións de vida, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, etc.), ao comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz e contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións). - B5.3. Interactuar segundo as convencións sociais máis básicas da cultura estranxeira, e utilizar os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. - B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas. - B5.5. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. - B5.6. Utilizar as experiencias lingüísticas e os coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe, e apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe. - B5.7. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente, e	- PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. - PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. - PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). - PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. - PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. - PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).	- CCL - CAA - CCEC - CCL - CAA - CCEC - CCL - CD - CAA - CCEC - CCL - CAA - CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	seus contrarios. – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso. ▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: – Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. – Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de opinións), e léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.	amosar control sobre un conxunto de estruturas gramaticais e modelos de oracións e frases dentro dun repertorio básico memorizado. ▪ B5.8. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral básico suficiente para comunicar información, contidos elementais doutras materias do currículo e opinións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás propias da súa idade e do seu nivel escolar. ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	▪ PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. ▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CD
--	---	---	--	--

14.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: Repaso das presentacións formais e informais, así como da linguaxe na aula. Intercambio de información persoal; práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de incidentes graciosos (<i>Did anyone see it?, What happened?, Can you believe that?, etc.</i>); práctica da linguaxe e de expresións típicas para falar de logros e obxectivos (<i>I've always wanted to see ... , I've never been to ... , I can't imagine learning, etc.</i>). • COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: escribir unha entrada dun blog persoal sobre unha viaxe, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados; uso correcto da linguaxe informal; produción dunha narración sobre unha experiencia graciosa, utilizando as expresións e vocabulario adecuados, e orde correcta dos adxectivos na oración escrita dunha redacción sobre unha persoa á que admiran, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados, diferenciando entre datos obxectivos e opinións

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Repaso do vocabulario relacionado co equipamento deportivo, a roupa, os accesorios de moda, os artigos de viaxe, as profesións, os teléfonos móbiles, a comida e a bebida, os verbos de acción; os lugares das cidades e os elementos que as integran; Adxectivos para describir cousas e situación; Adxectivos de personalidade; verbos relacionados con experiencias; Expresións relacionadas con experiencias • GRAMÁTICA: Repaso do Present Simple e do Present Continuous, en afirmativa, negativa e interrogativa, contraste entre o Present Simple e o Present Continuous; uso correcto do <i>Past Simple</i> e da estrutura <i>used to</i>; o Past Continuous en afirmativa, negativa, interrogativa e en respostas curtas; os adverbios de tempo; contraste entre o Past Continuous e o Past Simple; o Present Perfect Simple en afirmativa, negativa, interrogativa, e en respostas curtas; os adverbios de tempo; contraste entre o Present Perfect Simple e o Past Simple • PRONUNCIACIÓN: pronuncia dos sons /j/ e /dʒ/; entoar e seguir o ritmo das frases correctamente; práctica da acentuación correcta das palabras; acentuación das palabras e pronuncia das formas débiles de <i>was</i> e <i>were</i>; acentuación correcta das frases; pronuncia correcta das formas do <i>Past Participle</i>
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: datos culturais e xeográficos sobre varios lugares do mundo; información interesante sobre Charlie Chaplin e o cinema mudo; tipos de risa; información interesante sobre a marca de lentes Ray-Ban; orixe do nome do grupo musical <i>Black Eyed Peas</i>; datos curiosos sobre logros e éxitos dalgúns adolescentes de diferentes países.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas para dar opinións (<i>I don't see it that way., I can't argue with that., I suppose you're right</i>, etc.); práctica da linguaxe e expresións típicas para falar de expectativas e desexos (<i>I hope I'll ... , I wish I could ... , I'd love to ... , etc.</i>); práctica da linguaxe e de expresións típicas para facer un interrogatorio ou contestar a preguntas (<i>What exactly happened?; Can you describe the suspect?; Yes, he was short with red hair; Yes. I saw the thief's car.</i>) • COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: produción dun informe sobre un problema ambiental, empregando correctamente das conxuncións causais e consecutivas; escribir unha carta ou correo electrónico para dar consello, prestando especial atención ao uso os conectores de contraste; produción escrita dun artigo sobre algunha noticia.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: vocabulario relacionado co ambiente e con materiais e tipos de envases; as relacións persoais; vocabulario xornalístico relacionado coa delincuencia • GRAMÁTICA: A pasiva en <i>Present Simple</i> e <i>Past Simple</i>: afirmativa, negativa, interrogativa e respostas curtas; os adverbios de tempo; os tempos de futuro: <i>will</i>, <i>be going to</i> e o <i>Present Continuous</i>; o primeiro e o segundo condicional; os adverbios de tempo; conversión correcta de oracións en <i>Present Simple</i>, <i>Present Continuous</i>, tempos en futuro e modais ao estilo indirecto; adverbios de tempo. • PRONUNCIACIÓN: pronuncia correcta dos sons /s/, /ʃ/, /æ/ e /e/; entoación correcta das oracións compostas; pronuncia correcta do son /ə/; acentuación correcta das palabras compostas; pronuncia correcta dos sons consonánticos ao final da palabra.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: información interesante sobre o aforro de enerxía, a través da reciclaxe; os medios de comunicación que se utilizaron ao longo da historia; datos curiosos sobre a relación da xenética humana coa do resto de especies que habitan o planeta; información interesante sobre como lle afectou á vida de Charles Dickens o feito de que ter débedas fose un delito, durante a Inglaterra do século XIX.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas para expresar posibilidade e certeza ao falar (<i>I'm sure, That's possible, Definitely, I doubt it, I'm not sure, Probably not</i>, etc.); práctica da linguaxe e expresións típicas para falar sobre tradicións (<i>Where is it held?, Who attends?, What's it like?, Only if I want to</i>, etc.); práctica da linguaxe e expresións típicas para expresar preferencias (<i>I'm not keen on ... , I prefer ... to ... , I'd rather play ... than ...</i> etc.). • COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: produción escrita dunha descrición dun invento, usando correctamente os sinónimos; produción dunha descrición dunha viaxe para un folleto turístico, prestando especial atención á exemplificación; produción dunha redacción na que fagan unha recomendación sobre un produto.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: Vocabulario relacionado coa ciencia e coa tecnoloxía; as diferentes culturas e tradicións; vocabulario relacionado coa xeografía; adxectivos relacionados coas compras; vocabulario relacionado con obxectos cotiáns • GRAMÁTICA: os pronomes relativos <i>who, that, which, where</i> e <i>when</i>; os compostos de <i>some</i> e <i>any</i>; os modais en afirmativa, negativa e interrogativa: <i>can, could, should, must, have to, may</i> e <i>might</i>; uso da lingua inglesa para describir e comparar, utilizando os adxectivos cualificativos en grao comparativo e superlativo, e as fórmulas (<i>not</i>) <i>as ... as</i> e <i>too ... / (not) ... enough</i>. • PRONUNCIACIÓN: pronuncia correcta dos sons /əʊ/ e /ɔ:/; pronuncia correcta de vogais de diferentes palabras unidas nunha soa sílaba; pronuncia correcta da forma contraída dalgúns verbos modais; pronuncia correcta dos sons /ð/ e /d/; pronuncia correcta das letras mudas; pronuncia correcta dos sons /n/, /ŋ/ e /m/.

	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: información interesante sobre símbolos relacionados coa ciencia; a radioactividade e a fotografía e a pintura; localización de cidades británicas nun mapa do Reino Unido, a través da súa descrición; información interesante sobre as vacinas; información interesante sobre o papel hixiénico.
--	---	--

14.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

☞ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

14.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

14.6 AVALIACIÓN.

14.6.1 Características da avaliación na ESO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☑ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☑ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☑ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☑ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☑ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☑ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar a ESO, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

14.6.2 Criterios de avaliación e promoción na ESO.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	15%
Vocabulary	15%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	15%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

14.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando decimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interés e

participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.

- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario** de Setembro non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

14.6.4 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación.

Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

14.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

14.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.

- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademais, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para aprofundar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

14.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

Na ESO, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

14.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que

hoxe en día teñen máximo interese tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.

15 ANEXO 6: Programación para 1º curso de BACH.

15.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

15.1.1 Obxectivos curriculares

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

15.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- ⊗ Conciencia e expresións culturais (CEC).

15.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades (que corresponden ó libro de texto a empregar este ano da editorial de Burlington):

AVALIACIÓN	UNIDADES
1ª aval.:	• Unit 1, Unit 2 e Unit 3.
2ª aval.:	• Unit 4, Unit 5 e Unit 6.
3ª aval.:	• Unit 7 e Unit 8.

15.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

15.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e conversar).	✓ Speaking
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Vocabulary ✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

15.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
▪ b ▪ c ▪ f	▪ B1.1. Estratexias de comprensión: — obilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. — identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). — identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. — distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). — formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. — inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. — reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.	▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes ou a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinaladas. ▪ B1.2. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade media ou normal, que traten de temas tanto concretos como abstractos dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles. ▪ B1.3. Comprender o esencial de conversas ou debates reais entre varias persoas interlocutoras, e de descrições e narracións breves reproducidas por medio de dispositivos multimedia (radio, televisión, vídeo, internet, etc.), expresadas nunha linguaxe sen sentidos implícitos nin usos idiomáticos. ▪ B1.4. Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos orais transmitidos por medios técnicos, claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o que se dixo. ▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas de contacto social e as normas de cortesía, e as utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa das persoas que as utilizan en situacións comunicativas variadas, relativas a temas coñecidos ou de interese persoal, emitidos en lingua estándar, nun rexistro neutro, formal ou informal, que conteñan variedade de expresións, estruturas e locucións idiomáticas frecuentes, e termos habituais e cultos de uso común non especializados. ▪ B1.6. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde). ▪ B1.7. Comprender a información esencial de conversas ou discusións en que se traten temas cotiáns xerais ou do seu interese (necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer, se as persoas participantes articulan con claridade, pausadamente e en lingua estándar, e se non hai interferencias acústicas. ▪ B1.8. Recoñecer os significados e as intencións comunicativas expresadas por patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo o interese ou a indiferenza), cando a articulación é clara. ▪ B1.9. Perseverar por acceder ao sentido do texto oral (cambiando o tipo de escoita, pedindo axuda ou escoitando varias veces os textos gravados) aínda que en ocasións e mesmo con frecuencia, as hipóteses de significado do texto	▪ PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos). ▪ PLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles. ▪ PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países). ▪ PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese. ▪ PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. ▪ PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. ▪ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas. ▪ PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiáns e menos	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

▪ B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos.	oral non poidan ser verificadas con claridade.	habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
--	--	---	--

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
▪ a ▪ b ▪ c ▪ f	▪ Estratexias de produción: — Planificación: - Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade e da produción ou da interacción. - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Execución: - Expressar a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada, etc.) e apoiarse neles. - Cooperar na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. - Lingüísticos: - Substituír palabras por outras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión. - Pedir axuda	▪ B2.1. Facer un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación de carácter xeral, para expresar distintos significados segundo as demandas do contexto. ▪ B2.2. Amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe, aínda que poida haber algunhas pausas, para buscar palabras e vacilacións na expresión dalgunhas ideas máis complexas. ▪ B2.3. Adequar a produción do texto oral ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema. ▪ B2.4. Producir textos atendendo á súa planificación e utilizando estratexias de comunicación como o uso de circunloquios, paráfrases ou substitucións léxicas que permiten sacar proveito dos medios lingüísticos dispoñibles. ▪ B2.5. Construír textos coherentes e ben estruturados sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico. ▪ B2.6. Coñecer, seleccionar con atención e saber aplicar con eficacia as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, tentado novas formulacións e combinacións dentro do propio repertorio, e corrixindo os erros (por exemplo, en tempos verbais, ou en referencias temporais ou espaciais) que conducen a malentendidos se a persoa interlocutora indica que hai un problema. ▪ B2.7. Realizar una presentación oral planificada de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos propios da idade e do nivel de estudos, nunha secuencia lineal, apoiándose en notas e elementos gráficos, e respondendo a preguntas complementarias de carácter previsible.	▪ PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interese por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade creencias, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos ▪ PLEB2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico. ▪ PLEB2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicable da interacción. ▪ PLEB2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos. ▪ PLEB2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal. ▪ PLEB2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir. ▪ PLEB2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

ou clarificación.	Paralingüístico	■ B2.8. Amosar certa flexibilidade na interacción polo que respecta aos mecanismos de toma e cesión do quenda de palabra, a colaboración coa persoa interlocutora e o mantemento da comunicación, aínda que poida que non sempre se faga de maneira acertada.	seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.	
os e paratextuais:	Sinalar		■ PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.	Usar			
linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica).	Usar sons			
cuasilingüísticos.	Usar os			
elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.				

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
■ a ■ b ■ c ■ f ■ m ■ n	■ B3.1. Estratexias de comprensión: — obilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. — identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). — distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). — identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. — formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. — inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. — identificación das palabras clave. — recoñecemento da información esencial que o texto proporciona e que é necesaria para lograr o obxectivo de lectura. — comprensión de informacións pouco	■ B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes do texto, a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas, claramente sinalizadas. ■ B3.2. Distinguir tanto a función ou as funcións comunicativas principais do texto como as implicacións facilmente discernibles; apreciar as intencións comunicativas derivadas do uso de expoñentes das devanditas funcións, e identificar os propósitos comunicativos xerais asociados a distintos formatos, patróns e estilos discursivos típicos. ■ B3.3. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e que tratan temas tanto abstractos como concretos dentro do propio campo de especialización ou interese, nos ámbitos persoal, público, educativo ou ocupacional ou laboral, sempre que se poidan ler as seccións difíciles. ■ B3.4. Distinguir e aplicar á comprensión do texto escrito as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde). ■ B3.5. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e relacionados cos propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público e educativo, ben estruturados en rexistro estándar da lingua, e escritos de xeito claro e sinxelo. ■ B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e clara, que narre e describa acontecementos,	■ PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto. ■ PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua. ■ PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos. ■ PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais). ■ PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso). ■ PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios). ■ PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle. ■ PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CCEC ■ CCL ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CSC ■ CCEC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

- relevantes (redundantes, de detalle e pouco pertinentes) para o obxectivo de lectura — e formulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. — evisión e recapitulación continua e autointerrogación sobre a comprensión.	sentimentos básicos ou desexos.	con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.	▪ CD
--	---------------------------------	---	------

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
▪ a ▪ b ▪ c ▪ f	▪ B4.1. Estratexias de produción: — Planificación: — Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema e o que se pode ou se quere dicir, xerar ideas posibles, etc.) — Procurar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). — Execución: — Elaborar un borrador. — Estructurar o contido do texto. — Organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal do texto e entre todos conformar o significado ou idea global deste. — Considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación. — Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. — Reformular a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. — Apoiarse en sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", como frases feitas ou locucións). — Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional. — Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.	▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude, por exemplo, desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria, a partir dun guiño previo. ▪ B4.2. Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre una serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios intereses ou as especialidade, facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico, segundo o contexto de comunicación. ▪ B4.3. Adecuar a produción do texto escrito ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema. ▪ B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común con fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou funcións comunicativas correspondentes. ▪ B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, etc.)	▪ PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación. ▪ PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.) ▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas). ▪ PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos. ▪ PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade. ▪ PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

— Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. — Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.	■ B4.2. Estructuras sintáctico-discursivas. ■ B4.3. Léxico escrito común e máis especializado (producción), dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura. ■ B4.4. Revisión: — Identificar problemas, erros e repeticións. — Prestar atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. — Realizar a escritura definitiva. — Presentar o texto de forma coidada (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.)	atendendo non só á corrección ortográfica da palabra, senón tamén ao uso de maiúsculas e minúsculas, e signos de puntuación. ■ B4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes, e escribir notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. ■ B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional nas que pide ou transmite información sinxela de carácter inmediato, salientando os aspectos que se consideran importantes, empregando a estrutura e características propias deste tipo de texto (cabeceira, despedida, sinatura, marxes, etc.).	convencións e as normas de cortesía. ■ PLEB4.7. Escribse correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaa con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade. ■ PLEB4.8. Escribse, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
--	---	---	--	---

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
■ a ■ b ■ c ■ f ■ p	■ B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: — Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). — Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). — Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). — Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética. ■ B5.3. Padróns gráficos e convencións ortográficas da palabra, da oración e do enunciado (punto, coma, punto e coma, comiñas, paréntese, signos de interrogación, signos de exclamación, puntos suspensivos e guiño). ■ B5.4. Coñecementos morfosintácticos e discursivos: — Recoñecemento e uso de elementos morfosintácticos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto.	■ B5.1. Discriminar e producir con certa fluidez padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, recoñecendo e dándolles os significados e as intencións comunicativas desexados. ■ B5.2. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira, en contextos reais ou simulados de comunicación. ■ B5.3. Reproducir os padróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico (por exemplo, indicacións para acoutar información, como parénteses ou guiños), con corrección na maioría das ocasións; saber manexar procesadores de textos para resolver dúbidas ortográficas nos textos producidos en formato electrónico, e utilizar con eficacia as convencións de escritura que rexén na comunicación por internet.	■ PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfírela á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas. ■ PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizalas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. ■ PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos,	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

— Recoñecemento e uso de elementos, categorías, clases, estruturas, procesos e relacións gramaticais habituais en distintos tipos de discurso. ■ B5.5. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: — Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal. — Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ■ B5.6. Plurilingüismo: — Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. — Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ■ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. ■ B5.8. Funcións comunicativas: — Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional. — Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. — Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. ■ B5.9. Léxico: — Recoñecemento e uso do léxico común e máis especializado relacionado con contidos educativos correspondentes e de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, o tempo e o espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura. — Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos como "Está libre esta cadeira?" ou "Podo...?", colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade. — Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e	■ B5.4. Coñecer e aplicar os trazos socioculturais e sociolingüísticos salientables das comunidades en que se utiliza a lingua meta, e as súas diferenzas con respecto ás culturas propias, relativas a situacións cotiás e menos habituais no ámbito persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sobre a estrutura socioeconómica, as relacións interpersoais, de xerarquía e entre grupos, o comportamento (posturas e acenos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e códigos proxémicos), as convencións sociais (actitudes, valores e tabús), os costumes e os usos, e actuar en consecuencia, adaptándose adecuadamente ás características das persoas interlocutoras e da situación comunicativa na produción do texto oral e escrito. ■ B5.5. Amosar interese por establecer relacións entre a cultura propia e a cultura da lingua meta para cumprir o papel de intermediación cultural, e abordar con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, esforzándose por superar comparacións ou xuízos estereotipados. ■ B5.6. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común co fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou as funcións comunicativas. ■ B5.7. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e máis especializado cando se conta con apoio visual ou contextual, relacionado cos propios intereses e as propias necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, e expresións e modismos de uso habitual. ■ B5.8. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesita esta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta. ■ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais. ■ PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. ■ PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación. ■ PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo. ■ PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. ■ PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.). ■ PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
---	--	--	---

recoñecemento de "falsos amigos".

15.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas para presentar consellos e frases para mellorar a expresión oral sobre como dicir “non” de maneira educada; sobre os hábitos relacionados cos medios sociais; sobre a compra de entradas para un museo; consellos e frases para describir fotografías correctamente. • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: expresión escrita dun texto de correspondencia informal, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados; aprendizaxe da estratexia de lectura, para deducir o significado dunha palabra que non se coñece, mediante o contexto en que aparece; expresión escrita dunha noticia, utilizando as expresións e o vocabulario adecuados; produción dunha entrada para un blog de viaxes.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: palabras e expresións relacionadas coa tecnoloxía; os medios sociais; os <i>phrasal verbs</i>; os verbos con preposición; diferentes usos e significados da palabra over; uso de vocabulario relacionado coa delincuencia e cos medios de comunicación; os sufixos para formar adxectivos; as estruturas con want; uso de palabras como daily, weekly, yearly, quarterly e monthly para expresar a frecuencia coa que se fai algo; <i>False Friends</i>; explicación e práctica sobre os diferentes significados de “<i>still</i>”; adverbios de frecuencia, segundo o seu grao de frecuencia; palabras e expresións relacionadas coa aventura; práctica sobre os diferentes significados de “<i>like</i>”; adxectivos rematados en -ed / -ing; conectores de secuencia; uso de First e At first; • GRAMÁTICA: repaso do <i>Present Simple, Present Continuous, Past Simple</i> e <i>Past Continuous</i>; os adverbios de modo e de intensidade; uso do <i>Present Perfect Simple</i> e do <i>Past Perfect Simple</i>; os conectores de finalidade; expresión de accións futuras co <i>Future Simple, be going to, Future Continuous</i> e <i>Future Perfect Simple</i>; expresións temporais; • PRONUNCIACIÓN: recoñecemento do alfabeto fonético inglés, pronuncia da terminación -s ou -es na terceira persoa do singular: /s/, /z/, /ɪz/, pronuncia da terminación -ing dos verbos e pronuncia da terminación -ed dos verbos no <i>Past Simple</i>; pronunciar correctamente os sons similares aos contidos en software e site, así como os sons similares aos contidos en you e discount pronuncia dos sons similares aos contidos en grab e alarm e práctica da entoación das oracións; Pronuncia correcta dos sons similares aos contidos en steep e risky, fan, fun, looks e suppose;

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	CULTURA: significado e explicación do uso dos termos “trend” e “trending topic”; uso da palabra de moda “selfie”; interese por coñecer Google X, lugar onde traballan xuntos os investigadores, enxeñeiros e técnicos máis brillantes de Google para crear e poñer en práctica adiantos que farán mellor o mundo no futuro; os diferentes xéneros de ficción; xornais tradicionais no Reino Unido e os xornais dixitais; práctica do “ferro de pasar ao límite” (<i>extreme ironing</i>); creación de novas palabras, como “blog”, grazas ás necesidades que crean as novas tecnoloxías;
--	---	--

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	- COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas para expresar acordo ou desacordo acerca de varias afirmacións sobre relación; facer plans e ir ver unha película; expresar correctamente hábitos relacionados co diñeiro. - COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Produción da descrición dunha persoa; crítica dunha película; produción dun texto argumentativo empregando conectores de contraste
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	- VOCABULARIO: palabras e expresións vencelladas coas relación; <i>Idioms</i>: Explicación do significado da expresión “white lie”; os diferentes significados de “get”; palabras e expresións relacionadas coa descrición de persoas; os sufixos para formar substantivos; frases idiomáticas; substantivos seguidos de preposición; vocabulario relacionado coas películas e co lecer; os sufixos para formar adxectivos; expresións con xerundio; <i>Idioms</i> e diferentes frases idiomáticas sobre o lecer; vocabulario relacionado co consumismo e as compras; os <i>phrasal verbs</i>; used to / would; as expresións con win / earn money e spend / waste money e expresións con keep; <i>collocations</i> relacionadas co diñeiro; diferentes significados de “keep”; - GRAMÁTICA: os modais e os modais perfectos; a orde dos adxectivos; a pasiva e o causativo; os conectores de adición; os pronomes e as oracións de relativo; os conectores de contraste. - PRONUNCIACIÓN: pronuncia das formas negativas contraídas dos verbos e dos sons similares aos contidos en look e school; pronuncia das formas débiles de was e were, e a acentuación das palabras; a acentuación dos nomes compostos e a pronuncia dos sons consonánticos similares aos contidos en cash, voucher e jeans.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	CULTURA: importancia da linguaxe corporal para captar os sentimentos positivos e negativos nas persoas; diferenza entre o inglés británico e o americano á hora de utilizar as palabras “film” e “movie”; historia e importancia actual da tecnoloxía 3D no campo do cinema; os cambios de hábitos no consumismo, podendo pagar hoxe en día a través do móvil; auxe de webs nas que se intercambian habilidades.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas relacionadas cun estilo de vida san; expresións para dar consellos sobre hábitos saudables; dar consellos nun foro de adolescentes; práctica da linguaxe e expresións típicas para facer preguntas sobre festividades e contestalas; frases para gañar tempo á hora de pensar o que se quere dicir antes de falar. • COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Produción dun texto de opinión empregando as conxuncións causais e consecutivas; produción dun texto informativo
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: vocabulario relacionado co deporte e cun estilo de vida saudábel; os prefixos; os adxectivos seguidos de preposición; diferentes usos e significados do verbo tell; Uso de because e because of; prefixos con significado negativo; vocabulario relacionado coa cultura e as tradicións; os <i>phrasal verbs</i>; be used to / get used to; diferentes usos e significados da palabra bug; • GRAMÁTICA: o estilo indirecto; os conectores de causa e efecto; as oracións condicionais; Os modais nas oracións condicionais • PRONUNCIACIÓN: a pronuncia das letras mudas e a pronuncia dos sons vocálicos coma os contidos en goal e sport; a pronuncia dos sons similares aos contidos en unique e custom, e en celebration e colourful.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: datos sobre os beneficios dos deportes de competición; competicións de deportes pouco comúns se inventaron en países anglosaxóns; aumento da dopaxe sanguínea no deporte nos últimos tempos; frecuencia con que se usa a expresión “<i>sorry</i>”; diferenzas culturais no ámbito da comida; os insectos como alimento para humanos; cambio nos costumes á hora de conservar as fotografías: antes era habitual facelo en álbums e agora adóitanse gardar os arquivos nun dispositivo dixital.

15.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

📖 Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

15.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés, proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

15.6 AVALIACIÓN.

15.6.1 Características da avaliación no Bacharelato.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, establececeranse *medidas de reforzo educativo*. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos *procesos de ensino* coma dos *procesos de aprendizaxe*.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☒ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☒ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☒ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☒ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☒ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☒ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar o Bacharelato, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

Os alumnos/as que non superasen esta avaliación (cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), ou que desexen elevar a súa cualificación final de Bacharelato, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, previa solicitude, tomándose en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias ás que se concorreu. Celebraranse dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

15.6.2 Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	10%
Vocabulary	10%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	20%
Phonetics	5%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

15.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de Listening para un único alumno.
- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando dicimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interese e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario de Setembro** non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

15.6.4 Outras consideracións sobre os exames/probas/tarefas e a súa cualificación.

O Departamento considera que hai unha serie de **consideracións** que os/as alumnos/as deben ter en conta á hora de realizar correctamente os exames, as probas ou incluso as tarefas para obter unha boa cualificación. Estas son:

- ✦ Na pregunta de **Pronunciation**, o alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consoantes, vogais, ditongos, terminacións, ...
- ✦ Na pregunta de **Transformation**, o alumno ten que modificar parte ou o total da frase con outras palabras pero tendo un igual ou similar significado.
- ✦ O **Writing** pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Debe cumprirse os seguintes parámetros:
 - ✗ *Alcance*: centrarse no tema proposto, transmitindo ideas claras e usando unha considerable variedade de recursos. Sabe usar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
 - ✗ *Riqueza e control do vocabulario*.
 - ✗ *Corrección gramatical*.
 - ✗ *Fluidez* (evitando cortes na comunicación ou malentendidos)
 - ✗ *Cohesión*. (Linking words)
 - ✗ *Coherencia* (texto organizado, coherente e ben estruturado)
- ✦ A pregunta do **Summary** será valorada segundo os seguintes criterios:
 - ✗ O/a alumno/a identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
 - ✗ O/a alumno/a expresou estas ideas en aprox. 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

15.6.5 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

15.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

15.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademáis, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para aprofundar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

15.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

No Bacharelato, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país do/a asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o/a asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de todos os profesores/as incluído a asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca FullBright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a

cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia á presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

15.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que hoxe en día teñen máximo interese, tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país, etc.

16 ANEXO 7: Programación para 2º curso de BACH.

16.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

16.1.1 Obxectivos curriculares

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

16.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- ⊗ Conciencia e expresións culturais (CEC).

16.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades (que corresponden ó libro de texto a empregar este ano da editorial de Burlington):

AVALIACIÓN	UNIDADES
1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1 e Unit 2.
2ª aval.:	• Unit 3 e Unit 4.
3ª aval.:	• Unit 5 e Unit 6.

16.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

16.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e	✓ Speaking

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	conversar).	
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Vocabulary ✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

16.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
▪ b ▪ c ▪ f	▪ B1.1. Estratexias de comprensión: — obilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. — identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). — identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. — distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). — formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.	▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes ou a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinaladas. ▪ B1.2. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade media ou normal, que traten de temas tanto concretos como abstractos dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles. ▪ B1.3. Comprender o esencial de conversas ou debates reais entre varias persoas interlocutoras, e de descrições e narracións breves reproducidas por medio de dispositivos multimedia (radio, televisión, vídeo, internet, etc.), expresadas nunha linguaxe sen sentidos implícitos nin usos idiomáticos. ▪ B1.4. Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes de textos orais transmitidos por medios técnicos, claramente estruturados e en lingua estándar, articulados a velocidade lenta, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar o que se dixo. ▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas de contacto social e as normas de cortesía, e as utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa das persoas que as utilizan en situacións comunicativas variadas, relativas a temas coñecidos ou de interese persoal, emitidos en lingua estándar, nun rexistro neutro, formal ou informal, que conteñan variedade de expresións, estruturas e locucións idiomáticas frecuentes, e termos habituais e cultos de uso común non especializados. ▪ B1.6. Distinguir e aplicar á comprensión do texto oral as funcións e os significados específicos xeralmente asociados	▪ PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos). ▪ PLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles. ▪ PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países). ▪ PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese. ▪ PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

— referencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. — reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B1.2. Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fáticos.	a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde). ▪ B1.7. Comprender a información esencial de conversas ou discusións en que se tratan temas cotiáns xerais ou do seu interese (necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer, se as persoas participantes articulan con claridade, pausadamente e en lingua estándar, e se non hai interferencias acústicas. ▪ B1.8. Recoñecer os significados e as intencións comunicativas expresas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, así como algunhas de carácter implícito (incluíndo o interese ou a indiferenza), cando a articulación é clara. ▪ B1.9. Perseverar por acceder ao sentido do texto oral (cambiando o tipo de escoita, pedindo axuda ou escoitando varias veces os textos gravados) aínda que en ocasións e mesmo con frecuencia, as hipóteses de significado do texto oral non poidan ser verificadas con claridade.	conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. ▪ PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. ▪ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas. ▪ PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.	▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC
			▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
			▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
▪ a ▪ b ▪ c ▪ f	▪ Estratexias de produción: — Planificación: - Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade e da produción ou da interacción. - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. - Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. — Execución: - Expresar a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada, etc.) e apoiarse neles.	▪ B2.1. Facer un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación de carácter xeral, para expresar distintos significados segundo as demandas do contexto. ▪ B2.2. Aposar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe, aínda que poida haber algunhas pausas, para buscar palabras e vacilacións na expresión dalgunhas ideas máis complexas. ▪ B2.3. Adequar a produción do texto oral ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema. ▪ B2.4. Producir textos atendendo á súa planificación e utilizando estratexias de comunicación como o uso de circunloquios, paráfrases ou substitucións léxicas que permiten sacar proveito dos medios lingüísticos dispoñibles. ▪ B2.5. Construír textos coherentes e ben estruturados sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico. ▪ B2.6. Coñecer, seleccionar con	▪ PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interese por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade creencias, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos ▪ PLEB2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico. ▪ PLEB2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción. ▪ PLEB2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos. ▪ PLEB2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

— Cooperar na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. — Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. — Lingüísticos: — Substituír palabras por outras de significado parecido. — Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión. — Pedir axuda ou clarificación. — Paralingüísticos e paratextuais: — Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. — Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica). — Usar sons cuasilingüísticos. — Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.	atención e saber aplicar con eficacia as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, tentando novas formulacións e combinacións dentro do propio repertorio, e corrixindo os erros (por exemplo, en tempos verbais, ou en referencias temporais ou espaciais) que conducen a malentendidos se a persoa interlocutora indica que hai un problema. ■ B2.7. Realizar una presentación oral planificada de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos propios da idade e do nivel de estudos, nunha secuencia lineal, apoiándose en notas e elementos gráficos, e respondendo a preguntas complementarias de carácter previsible. ■ B2.8. Amosar certa flexibilidade na interacción polo que respecta aos mecanismos de toma e cesión do quenda de palabra, a colaboración coa persoa interlocutora e o mantemento da comunicación, aínda que poida que non sempre se faga de maneira acertada.	complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal. ■ PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir. ■ PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións. ■ PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
			■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
			■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
			■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
■ a ■ b ■ c ■ f ■ m ■ n	■ B3.1. Estratexias de comprensión: — obilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. — identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). — distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). — identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.	■ B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes do texto, a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas, claramente sinalizadas. ■ B3.2. Distinguir tanto a función ou as funcións comunicativas principais do texto como as implicacións facilmente discernibles; apreciar as intencións comunicativas derivadas do uso de expoñentes das devanditas funcións, e identificar os propósitos comunicativos xerais asociados a distintos formatos, patróns e estilos discursivos típicos. ■ B3.3. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e que tratan temas tanto abstractos como concretos dentro do propio campo de especialización ou interese, nos ámbitos persoal, público, educativo ou ocupacional ou laboral,	■ PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto. ■ PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua. ■ PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos. ■ PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).	■ CCL ■ CAA ■ CSC
			■ CCL ■ CAA ■ CCEC	■ CCL ■ CAA ■ CCEC
			■ CCL ■ CAA ■ CCEC	■ CCL ■ CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

— formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. — inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. — identificación das palabras clave. — recoñecemento da información esencial que o texto proporciona e que é necesaria para lograr o obxectivo de lectura. — comprensión de informacións pouco relevantes (redundantes, de detalle e pouco pertinentes) para o obxectivo de lectura. — reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. — revisión e recapitulación continua e autointerrogación sobre a comprensión.	sempre que se poidan releer as seccións difíciles. ■ B3.4. Distinguir e aplicar á comprensión do texto escrito as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde). ■ B3.5. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e relacionados cos propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público e educativo, ben estruturados en rexistro estándar da lingua, e escritos de xeito claro e sinxelo. ■ B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e clara, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos.	■ PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso). ■ PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios). ■ PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle. ■ PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.	■ CCL ■ CSC ■ CCEC
			■ CCL ■ CSC ■ CCEC
			■ CCL ■ CSC ■ CCEC
			■ CCL ■ CSC ■ CCEC ■ CD

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
■ a ■ b ■ c ■ f	■ B4.1. Estratexias de produción: — Planificación: — Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema e o que se pode ou se quere dicir, xerar ideas posibles, etc.) — Procurar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). — Execución: — Elaborar un borrador. — Estructurar o contido do texto. — Organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal do texto e entre todos conformar o significado ou idea global deste. — Considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación. — Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. — Reformular a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. — Apoiarse en sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", como frases feitas ou locucións). — Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional. — Descrición e apreciación de calidades	■ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude, por exemplo, desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria, a partir dun guiño previo. ■ B4.2. Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre una serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios intereses ou as especialidade, facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico, segundo o contexto de comunicación. ■ B4.3. Adecuar a produción do texto escrito ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os	■ PLEB4.1. Escribse, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación. ■ PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.) ■ PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas). ■ PLEB4.4. Escribse, nun formato	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. — Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. ■ B4.2. Estructuras sintáctico-discursivas. ■ B4.3. Léxico escrito común e máis especializado (producción), dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura. ■ B4.4. Revisión: — Identificar problemas, erros e repeticións. — Prestar atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. — Realizar a escritura definitiva. — Presentar o texto de forma coidada (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.)	patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema. ■ B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común con fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou funcións comunicativas correspondentes. ■ B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, etc.) atendendo non só á corrección ortográfica da palabra, senón tamén ao uso de maiúsculas e minúsculas, e signos de puntuación. ■ B4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes, e escribir notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. ■ B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional nas que pide ou transmite información sinxela de carácter inmediato, salientando os aspectos que se consideran importantes, empregando a estrutura e características propias deste tipo de texto (cabeceira, despedida, sinatura, marxes, etc.).	convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos. ■ PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade. ■ PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortésia. ■ PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explicaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade. ■ PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortésia propias deste tipo de textos.	■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
--	---	--	---	--

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

▪ a ▪ b ▪ c ▪ f ▪ p	▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: — Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). — Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). — Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). — Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética. ▪ B5.3. Patróns gráficos e convencións ortográficas da palabra, da oración e do enunciado (punto, coma, punto e coma, comiñas, paréntese, signos de interrogación, signos de exclamación, puntos suspensivos e guiño). ▪ B5.4. Coñecementos morfosintácticos e discursivos: — Recoñecemento e uso de elementos morfosintácticos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto. — Recoñecemento e uso de elementos, categorías, clases, estruturas, procesos e relacións gramaticais habituais en distintos tipos de discurso. ▪ B5.5. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: — Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal. — Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ▪ B5.6. Plurilingüismo: — Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. — Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ▪ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma. ▪ B5.8. Funcións comunicativas: — Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional. — Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. — Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. — Formulación de suxestións,	▪ B5.1. Discriminar e producir con certa fluidez patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, recoñecendo e dándolles os significados e as intencións comunicativas desexados. ▪ B5.2. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira, en contextos reais ou simulados de comunicación. ▪ B5.3. Reproducir os patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico (por exemplo, indicacións para acoutar información, como parénteses ou guiños), con corrección na maioría das ocasións; saber manexar procesadores de textos para resolver dúbidas ortográficas nos textos producidos en formato electrónico, e utilizar con eficacia as convencións de escritura que rexen na comunicación por internet. ▪ B5.4. Coñecer e aplicar os trazos socioculturais e sociolingüísticos salientables das comunidades en que se utiliza a lingua meta, e as súas diferenzas con respecto ás culturas propias, relativas a situacións cotiás e menos habituais no ámbito persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sobre a estrutura socioeconómica, as relacións interpersoais, de xerarquía e entre grupos, o comportamento (posturas e acenos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e códigos proxémicos), as convencións sociais (actitudes, valores e tabús), os costumes e os usos, e actuar en consecuencia, adaptándose adecuadamente ás características das persoas interlocutoras e da situación comunicativa na produción do texto oral e escrito. ▪ B5.5. Amosar interese por establecer relacións entre a cultura propia e a cultura da lingua meta para cumprir o papel de intermediación cultural, e abordar con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, esforzándose por superar comparacións ou xuízos estereotipados. ▪ B5.6. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común co fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou as funcións comunicativas. ▪ B5.7. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e máis especializado cando se conta con apoio visual ou contextual, relacionado cos propios intereses e as propias necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, e expresións e modismos de uso habitual. ▪ B5.8. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesita esta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua	▪ PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfírese á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas. ▪ PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizalas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. ▪ PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais. ▪ PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. ▪ PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación. ▪ PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo. ▪ PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. ▪ PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica,	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
---	--	--	---	---

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. ▪ B5.9. Léxico: — Recoñecemento e uso do léxico común e máis especializado relacionado con contidos educativos correspondentes e de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, o tempo e o espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura. — Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos como "Está libre esta cadeira?" ou "Podo...?", colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade. — Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".	meta. ▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	como do texto ao esquema, etc.). ▪ PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
--	---	---	--

16.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas relacionadas coas vacacións; consellos e frases para mellorar a expresión oral para pedir información; expresións para falar de problemas sociais; expresión oral de opinión; consellos e frases para axudar a introducir un tema ou a pasar a un novo nunha conversación • COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: distinción entre feito e opinión; produción dun texto argumentativo empregando as conxuncións copulativas e adversativas; produción dun texto de opinión empregando correctamente as conxuncións causais e consecutivas, e a estrutura das oracións.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	- VOCABULARIO: repaso de palabras e expresións do nivel anterior; vocabulario relacionado co crecemento e a educación; os sufixos para formar substantivos ou adxectivos; diferenzas de vocabulario entre inglés británico e inglés americano; diferentes usos da palabra free; vocabulario relacionado con asuntos sociais e a resolución de problemas sociais; as <i>verb collocations</i>; os usos dos pronomes indefinidos anything, something, everyone e no one - GRAMÁTICA: Repaso do <i>Present Simple</i>, o <i>Present Continuous</i>, o <i>Past Simple</i>, o <i>Past Continuous</i>, o <i>Present Perfect Simple</i>, o <i>Past Perfect Simple</i>, o <i>Future Simple (will)</i>, be going to, o <i>Future Continuous</i> e o <i>Future Perfect Simple</i>; repaso do <i>Present Perfect Simple</i>, o <i>Present Perfect Continuous</i>, o <i>Past Perfect Simple</i> e o <i>Past Perfect Continuous</i>; os conectores de adición e contraste; o estilo indirecto; os conectores de causa e efecto - PRONUNCIACIÓN: pronunciación das formas débiles dos ditongos incluídos en palabras como allow, role e spoil, e as letras mudas; pronunciación das formas débiles dos ditongos incluídos en palabras como behave e fair, e o ritmo das palabras na frase
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	CULTURA: tendencia dalgúns educadores a defender a formación do carácter como clave para ter unha educación completa; datos acerca da educación no Reino Unido; mellores cidades para vivir a xuventude; usos que se fai das gravacións das cámaras de seguridade; uso dos medios sociais para concienciar as persoas sobre causas ou problemas

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	- COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: conectores de frecuencia e de adición para conectar frases cando se fala; comparar e contrastar fotografías; expresións para falar sobre problemas ambientais; consellos e frases para alcanzar acordos - COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: aprendizaxe da estratexia de lectura baseada na comprensión dos pronomes empregados nun texto para evitar a repetición de palabras; produción dun texto narrativo empregando conectores de secuencia e expresións temporais; produción dun resumo empregando a paráfrase

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	- VOCABULARIO: vocabulario relacionado coas viaxes e cos preparativos para as mesmas; as <i>noun collocations</i>; diferenzas entre wander e wonder; frases idiomáticas e expresións feitas con dous substantivos; vocabulario relacionado co ambiente e cos problemas ambientais; os prefixos; os <i>linking verbs</i> con adxectivos; os usos de about. - GRAMÁTICA: os modais e os modais perfectos; os conectores de secuencia e as expresións temporais; o condicional e as oracións desiderativas; a paráfrase. - PRONUNCIACIÓN: pronunciación das formas contraídas dos modais en negativa e os sons contidos en palabras como winter / show e you / city; pronunciación dos sons contidos en palabras como urban e features, e os contidos en palabras como architecture, brochure e choice.
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	CULTURA: a xuventude actual viaxa máis ao estranxeiro; novo xogo en Internet que combina mapas e entretemento; as preocupacións ambientais dos españois; o consumo de carne en España

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	- COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: consellos e frases para suscitar unha reacción no interlocutor; expresións para falar sobre traballos; presenta consellos e frases para poñer énfase nos puntos fortes que se teñen, durante unha entrevista de traballo - COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Produción dunha biografía empregando conectores de finalidade; repaso de todas as destrezas de expresión escrita aprendidas ao longo de todas as unidades; redacción dun correo electrónico formal; Elaboración dun CV.
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	- VOCABULARIO: vocabulario relacionado cos animais e a relación do home cos animais; adxectivos seguidos de preposición; familias de palabras; expresións con go; vocabulario relacionado co traballo e as calidades das persoas a nivel laboral; os <i>phrasal verbs</i>; os sufixos -er e -ee; <i>collocations</i> con work; os usos de just. - GRAMÁTICA: a pasiva e o causativo; os conectores de finalidade; as oracións de relativo especificativas e explicativas e as estruturas formal e informal das mesmas; - PRONUNCIACIÓN: pronunciación da terminación -ed dos verbos, e os sons incluídos en palabras como seen e ring; pronunciación do acento dos <i>phrasal verbs</i> e das palabras en xeral.

	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: actuais métodos de deseño para crear produtos máis ecolóxicos e eficientes; datos curiosos sobre técnicas de supervivencia en animais; significado dos símbolos de animais que representan a Inglaterra, Escocia, Gales e Irlanda do Norte; uso das redes sociais para investigar aos candidatos a un posto de traballo. Diferenzas entre résumé e CV.
--	---	--

16.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

☞ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

16.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

16.6 AVALIACIÓN.

16.6.1 Características da avaliación no Bacharelato.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse *medidas de reforzo educativo*. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos *procesos de ensino* coma dos *procesos de aprendizaxe*.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☑ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☑ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☑ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☑ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☑ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☑ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar o Bacharelato, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

Os alumnos/as que non superasen esta avaliación (cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), ou que desexen elevar a súa cualificación final de Bacharelato, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, previa solicitude, tomándose en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias ás que se concorreu. Celebraranse dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

16.6.2 Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	10%
Vocabulary	10%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	20%
Phonetics	5%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

16.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da

clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de Listening para un único alumno.

- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando dicimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interese e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario de Setembro** non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

16.6.4 Outras consideracións sobre os exames/probas/tarefas e a súa cualificación.

O Departamento considera que hai unha serie de **consideracións** que os/as alumnos/as deben ter en conta á hora de realizar correctamente os exames, as probas ou incluso as tarefas para obter unha boa cualificación. Estas son:

- ✦ Na pregunta de **Pronunciation**, o alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consoantes, vogais, ditongos, terminacións, ...
- ✦ Na pregunta de **Transformation**, o alumno ten que modificar parte ou o total da frase con outras palabras pero tendo un igual ou similar significado.
- ✦ O **Writing** pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Debe cumprirse os seguintes parámetros:
 - ✗ *Alcance*: centrarse no tema proposto, transmitindo ideas claras e usando unha considerable variedade de recursos. Sabe usar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
 - ✗ *Riqueza e control do vocabulario*.
 - ✗ *Corrección gramatical*.
 - ✗ *Fluidez* (evitando cortes na comunicación ou malentendidos)
 - ✗ *Cohesión*. (Linking words)
 - ✗ *Coherencia* (texto organizado, coherente e ben estruturado)
- ✦ A pregunta do **Summary** será valorada segundo os seguintes criterios:
 - ✗ O/a alumno/a identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
 - ✗ O/a alumno/a expresou estas ideas en aprox. 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

16.6.5 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

16.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

16.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de terno que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademais, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para afondar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

16.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

No Bacharelato, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos/as xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

16.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que hoxe en día teñen máximo interese tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.

17 ANEXO 8: Programación para 2º curso de BACH (régime adultos).

17.1 OBXECTIVOS CURRICULARES E COMPETENCIAS CLAVE

17.1.1 Obxectivos curriculares

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a

corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

17.1.2 Competencias clave

Tamén teremos en conta as competencias clave do currículo:

- ⊗ Comunicación lingüística (CL).
- ⊗ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ⊗ Competencia dixital (CD).
- ⊗ Aprender a aprender (AA).
- ⊗ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ⊗ Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (IE).
- ⊗ Conciencia e expresións culturais (CEC).

17.2 UNIDADES E TEMPORALIZACIÓN

O seguinte cadro reflicte a temporalización por unidades (que corresponden ó libro de texto a empregar este ano da editorial de Burlington):

AVALIACIÓN	UNIDADES
------------	----------

1ª aval.:	• Starter Unit, Unit 1 e Unit 2.
2ª aval.:	• Unit 3 e Unit 4.
3ª aval.:	• Unit 5 e Unit 6.

17.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, ESTÁNDARES, INDICADORES E COMPETENCIAS

17.3.1 Contidos.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques, en relación a tres eixes que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e de aprendizaxe, e que traballaremos ó longo de todo o curso:

EIXES	BLOQUES DE CONTIDOS	SKILLS
➤ As habilidades lingüísticas:	• Bloque 1: Comprensión de textos orais (Escoitar e comprender).	✓ Listening
	• Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción (Falar e conversar).	✓ Speaking
	• Bloque 3: Comprensión de textos escritos (Ler e comprender).	✓ Reading
	• Bloque 4: Producción de textos escritos (Escribir).	✓ Writing
➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación:	• Bloque 5: Coñecemento da lingua (e consciencia plurilingüe e intercultural).	✓ Vocabulary ✓ Grammar ✓ Pronunciation
➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira:	• Bloque 5: (Coñecemento da lingua e) consciencia plurilingüe e intercultural.	✓ Cultural knowledge

17.3.2 Criterios de avaliación, obxectivos, estándares, indicadores e competencias.

Os criterios de avaliación están relacionados cos contidos e obxectivos curriculares. Os criterios defínense mediante os estándares de aprendizaxe, é dicir, o que o alumno debe saber, comprender e saber facer, de xeito que sexan observables, medibles, avaliáveis e permitan graduar o rendemento acadado.

No seguinte cadro expónse a relación entre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
▪ b ▪ c ▪ f	▪ B1.1. Estratexias de comprensión: — obilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. —	▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes ou a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas do texto, se están claramente sinaladas. ▪ B1.2. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade media ou normal, que traten de	▪ PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. ▪ PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA

Curso 2020-21

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción				
▪ a ▪ b ▪ c ▪ f	▪ Estratexias de produción: — Planificación: — Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade e da produción ou da interacción. — Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. — Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle,	▪ B2.1. Facer un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación de carácter xeral, para expresar distintos significados segundo as demandas do contexto. ▪ B2.2. Amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe, aínda que poida haber algunhas pausas, para buscar palabras e vacilacións na expresión dalgunhas ideas máis complexas. ▪ B2.3. Adecuar a produción do texto	▪ PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explica	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. — Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. — Execución: — Expresar a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. — Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. — Sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada, etc.) e apoiarse neles. — Cooperar na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. — Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. — Lingüísticos: — Substituír palabras por outras de significado parecido. — Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión. — Pedir axuda ou clarificación. — Paralingüísticos e paratextuais: — Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. — Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica). — Usar sons cuasilingüísticos. — Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.	oral ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema. ■ B2.4. Producir textos atendendo á súa planificación e utilizando estratexias de comunicación como o uso de circunloquios, paráfrases ou substitucións léxicas que permiten sacar proveito dos medios lingüísticos dispoñibles. ■ B2.5. Construír textos coherentes e ben estruturados sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico. ■ B2.6. Coñecer, seleccionar con atención e saber aplicar con eficacia as estratexias adecuadas para producir textos orais de diversos tipos e de certa lonxitude, tentando novas formulacións e combinacións dentro do propio repertorio, e corrixindo os erros (por exemplo, en tempos verbais, ou en referencias temporais ou espaciais) que conducen a malentendidos se a persoa interlocutora indica que hai un problema. ■ B2.7. Realizar una presentación oral planificada de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos propios da idade e do nivel de estudos, nunha secuencia lineal, apoiándose en notas e elementos gráficos, e respondendo a preguntas complementarias de carácter previsible. ■ B2.8. Amosar certa flexibilidade na interacción polo que respecta aos mecanismos de toma e cesión do quenda de palabra, a colaboración coa persoa interlocutora e o mantemento da comunicación, aínda que poida que non sempre se faga de maneira acertada.	e xustifica as súas opinións e os seus proxectos ■ PLEB.2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico. ■ PLEB.2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicable da interacción. ■ PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos. ■ PLEB.2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal. ■ PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir. ■ PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións. ■ PLEB.2.8. Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
--	---	---	---

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

▪ a ▪ b ▪ c ▪ f ▪ m ▪ n	▪ B3.1. Estratexias de comprensión: — obilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. — identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). — istinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). — identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. — ormulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. — nferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. — identificación das palabras clave. — ecoñecemento da información esencial que o texto proporciona e que é necesaria para lograr o obxectivo de lectura. — upresión de informacións pouco relevantes (redundantes, de detalle e pouco pertinentes) para o obxectivo de lectura — eformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. — evisión e recapitulación continua e autointerrogación sobre a comprensión.	▪ B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes do texto, a información, as ideas e as opinións, tanto implícitas como explícitas, claramente sinalizadas. ▪ B3.2. Distinguir tanto a función ou as funcións comunicativas principais do texto como as implicacións facilmente discernibles; apreciar as intencións comunicativas derivadas do uso de expoñentes das devanditas funcións, e identificar os propósitos comunicativos xerais asociados a distintos formatos, patróns e estilos discursivos típicos. ▪ B3.3. Identificar as ideas principais, a información relevante e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e que traten temas tanto abstractos como concretos dentro do propio campo de especialización ou interese, nos ámbitos persoal, público, educativo ou ocupacional ou laboral, sempre que se poidan releer as seccións difíciles. ▪ B3.4. Distinguir e aplicar á comprensión do texto escrito as funcións e os significados específicos xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas de uso común, segundo o contexto de comunicación (por exemplo, unha estrutura interrogativa para dar unha orde). ▪ B3.5. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e relacionados cos propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público e educativo, ben estruturados en rexistro estándar da lingua, e escritos de xeito claro e sinxelo. ▪ B3.6. Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e clara, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos.	▪ PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto. ▪ PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua. ▪ PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos. ▪ PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais). ▪ PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso). ▪ PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios). ▪ PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle. ▪ PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD
--	---	---	--	--

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción				
▪ a ▪ b ▪ c ▪ f	▪ B4.1. Estratexias de produción: — Planificación: — Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema e o que se pode ou se quere dicir, xerar ideas posibles, etc.) — Procurar e usar adecuadamente	▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude, por exemplo, desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria, a partir dun guión previo.	▪ PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CD

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). — Execución: — Elaborar un borrador. — Estructurar o contido do texto. — Organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal do texto e entre todos conformar o significado ou idea global deste. — Considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación. — Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. — Reformular a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. — Apoiarse en sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", como frases feitas ou locucións). — Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional. — Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. — Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. ■ B4.2. Estructuras sintáctico-discursivas. ■ B4.3. Léxico escrito común e máis especializado (produción), dentro das	■ B4.2. Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre una serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios intereses ou as especialidade, facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico, segundo o contexto de comunicación. ■ B4.3. Adecuar a produción do texto escrito ás funcións comunicativas requiridas, seleccionando, dentro dun repertorio de expoñentes habituais, os máis adecuados ao propósito comunicativo, e os patróns discursivos típicos de presentación e organización da información, entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema. ■ B4.4. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común con fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou funcións comunicativas correspondentes. ■ B4.5. Presentar os textos propios, en soporte impreso ou dixital, de xeito coidado (con atención ás marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, etc.) atendendo non só á corrección ortográfica da palabra, senón tamén ao uso de maiúsculas e minúsculas, e signos de puntuación. ■ B4.6. Elaborar resumos e sintetizar información e argumentos partindo de diferentes fontes, e escribir notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal. ■ B4.7. Escribir cartas formais e informais a persoas ligadas ao seu ámbito persoal e profesional nas que pide ou transmite información sinxela de carácter inmediato, salientando os aspectos que se consideran importantes, empregando a estrutura e características propias deste tipo de texto (cabeceira, despedida, sinatura, marxes, etc.).	acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación. ■ PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.) ■ PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas). ■ PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos. ■ PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade. ■ PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortésia. ■ PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explicoas con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade. ■ PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortésia propias deste tipo de	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
---	--	--	---

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura. ■ B4.4. Revisión: - Identificar problemas, erros e repeticións. - Prestar atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Realizar a escritura definitiva. - Presentar o texto de forma coidada (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.)	textos.
---	----------------

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp clave
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
- a - b - c - f - p	■ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: - Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). - Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). - Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). - Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética. ■ B5.3. Patróns gráficos e convencións ortográficas da palabra, da oración e do enunciado (punto, coma, punto e coma, comiñas, paréntese, signos de interrogación, signos de exclamación, puntos suspensivos e guiño). ■ B5.4. Coñecementos morfosintácticos e discursivos: - Recoñecemento e uso de elementos morfosintácticos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto. - Recoñecemento e uso de elementos, categorías, clases, estruturas, procesos e relacións gramaticais habituais en distintos tipos de discurso. ■ B5.5. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. ■ B5.6. Plurilingüismo: - Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. - Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ■ B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma. ■ B5.8. Funcións comunicativas: - Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional. - Descrición e apreciación de	■ B5.1. Discriminar e producir con certa fluidez patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, recoñecendo e dándolles os significados e as intencións comunicativas desexados. ■ B5.2. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira, en contextos reais ou simulados de comunicación. ■ B5.3. Reproducir os patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico (por exemplo, indicacións para acoutar información, como parénteses ou guiños), con corrección na maioría das ocasións; saber manexar procesadores de textos para resolver dúbidas ortográficas nos textos producidos en formato electrónico, e utilizar con eficacia as convencións de escritura que reñen na comunicación por internet. ■ B5.4. Coñecer e aplicar os trazos socioculturais e sociolingüísticos salientables das comunidades en que se utiliza a lingua meta, e as súas diferenzas con respecto ás culturas propias, relativas a situacións cotiás e menos habituais no ámbito persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sobre a estrutura socioeconómica, as relacións interpersoais, de xerarquía e entre grupos, o comportamento (posturas e acenos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e códigos proxémicos), as convencións sociais (actitudes, valores e tabús), os costumes e os usos, e actuar en consecuencia, adaptándose adecuadamente ás características das persoas interlocutoras e da situación comunicativa na produción do texto oral e escrito. ■ B5.5. Amosar interese por establecer relacións entre a cultura propia e a cultura da lingua meta para cumprir o papel de intermediación cultural, e abordar con eficacia a resolución de malentendidos interculturais,	■ PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfire á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas. ■ PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizalas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. ■ PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais. ■ PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. ■ PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación. ■ PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes	■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ CCL ■ CSC ■ CCEC ■ CCL ■ CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. — Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. — Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. — Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. — Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. — Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. — Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. — Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso. ■ B5.9. Léxico: — Recoñecemento e uso do léxico común e máis especializado relacionado con contidos educativos correspondentes e de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, o tempo e o espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura. — Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos como "Está libre esta cadeira?" ou "Podo...?", colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade. — Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".	esforzándose por superar comparacións ou xuízos estereotipados. ■ B5.6. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común co fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou as funcións comunicativas. ■ B5.7. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e máis especializado cando se conta con apoio visual ou contextual, relacionado cos propios intereses e as propias necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, e expresións e modismos de uso habitual. ■ B5.8. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesita esta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta. ■ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.	suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo. ■ CCEC ■ CD ■ PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.). ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD ■ PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CCEC ■ CD
---	--	---

17.4 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles son aqueles conceptos e procedementos que consideramos que son fundamentais para a formación do alumno ou que son indispensables para poder continuar co estudo da lingua inglesa nos cursos seguintes. Deberán, polo tanto, quedar consolidados no curso.

Para unha mellor organización, desglosaremos os mínimos en avaliacións, e tendo en conta a organización de contidos en eixes, bloques e skills.

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
-----	-------------------------	-------------------

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

1ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: práctica da linguaxe e expresións típicas relacionadas coas vacacións; consellos e frases para mellorar a expresión oral para pedir información; expresións para falar de problemas sociais; expresión oral de opinión; consellos e frases para axudar a introducir un tema ou a pasar a un novo nunha conversación • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: distinción entre feito e opinión; Produción dun texto argumentativo empregando as conxuncións copulativas e adversativas; Produción dun texto de opinión empregando correctamente as conxuncións causais e consecutivas, e a estrutura das oracións
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	• VOCABULARIO: repaso de palabras e expresións do nivel anterior; vocabulario relacionado co crecemento e a educación; os sufixos para formar substantivos ou adxectivos; diferenzas de vocabulario entre inglés británico e inglés americano; diferentes usos da palabra free; vocabulario relacionado con asuntos sociais e a resolución de problemas sociais; as <i>verb collocations</i>; os usos dos pronomes indefinidos anything, something, everyone e no one • GRAMÁTICA: Repaso do <i>Present Simple</i>, o <i>Present Continuous</i>, o <i>Past Simple</i>, o <i>Past Continuous</i>, o <i>Present Perfect Simple</i>, o <i>Past Perfect Simple</i>, o <i>Future Simple (will)</i>, be going to, o <i>Future Continuous</i> e o <i>Future Perfect Simple</i>; repaso do <i>Present Perfect Simple</i>, o <i>Present Perfect Continuous</i>, o <i>Past Perfect Simple</i> e o <i>Past Perfect Continuous</i>; os conectores de adición e contraste; o estilo indirecto; os conectores de causa e efecto • PRONUNCIACIÓN: pronunciación das formas débiles dos ditongos incluídos en palabras como allow, role e spoil, e as letras mudas; pronunciación das formas débiles dos ditongos incluídos en palabras como behave e fair, e o ritmo das palabras na frase
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: tendencia dalgúns educadores a defender a formación do carácter como clave para ter unha educación completa; datos acerca da educación no Reino Unido; mellores cidades para vivir a xuventude; usos que se fai das gravacións das cámaras de seguridade; uso dos medios sociais para concienciar as persoas sobre causas ou problemas

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
2ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	• COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ORAL: conectores de frecuencia e de adición para conectar frases cando se fala; comparar e contrastar fotografías; expresións para falar sobre problemas ambientais; consellos e frases para alcanzar acordos • COMPRESIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: aprendizaxe da estratexia de lectura baseada na comprensión dos pronomes empregados nun texto para evitar a repetición de palabras; produción dun texto narrativo empregando conectores de secuencia e expresións temporais; produción dun resumo empregando a paráfrase

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA – DEPARTAMENTO DE INGLÉS

IES Eduardo Blanco Amor - Ourense

Curso 2020-21

	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	- VOCABULARIO: vocabulario relacionado coas viaxes e cos preparativos para as mesmas; as <i>noun collocations</i>; diferenzas entre wander e wonder; frases idiomáticas e expresións feitas con dous substantivos; vocabulario relacionado co ambiente e cos problemas ambientais; os prefixos; os <i>linking verbs</i> con adxectivos; os usos de about - GRAMÁTICA: os modais e os modais perfectos; os conectores de secuencia e as expresións temporais; o condicional e as oracións desiderativas; a paráfrase - PRONUNCIACIÓN: pronunciación das formas contraídas dos modais en negativa e os sons contidos en palabras como winter / show e you / city; pronunciación dos sons contidos en palabras como urban e features, e os contidos en palabras como architecture, brochure e choice
	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	CULTURA: a xuventude actual viaxa máis ao estranxeiro; novo xogo en Internet que combina mapas e entretemento; as preocupacións ambientais dos españois; o consumo de carne en España

AV.	EIXES, BLOQUES & SKILLS	MÍNIMOS ESIXIBLES
3ª AVALIACIÓN	➤ As habilidades lingüísticas: Bl. 1-2: Comprensión e produción de textos orais (Listening & Speaking). Bl. 3-4: Comprensión e produción de textos escritos (Reading & Writing).	- COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: consellos e frases para suscitar unha reacción no interlocutor; expresións para falar sobre traballos; presenta consellos e frases para poñer énfase nos puntos fortes que se teñen, durante unha entrevista de traballo - COMPREENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: Produción dunha biografía empregando conectores de finalidade; repaso de todas as destrezas de expresión escrita aprendidas ao longo de todas as unidades; redacción dun correo electrónico formal; Elaboración dun CV
	➤ Os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relación: Bl. 5: Coñecemento da lingua (Vocabulary, Grammar & Pronunciation).	- VOCABULARIO: vocabulario relacionado cos animais e a relación do home cos animais; adxectivos seguidos de preposición; familias de palabras; expresións con go; vocabulario relacionado co traballo e as calidades das persoas a nivel laboral; os <i>phrasal verbs</i>; os sufixos -er e -ee; <i>collocations</i> con work; os usos de just - GRAMÁTICA: a pasiva e o causativo; os conectores de finalidade; as oracións de relativo especificativas e explicativas e as estruturas formal e informal das mesmas; - PRONUNCIACIÓN: pronunciación da terminación -ed dos verbos, e os sons incluídos en palabras como seen e ring; pronunciación do acento dos <i>phrasal verbs</i> e das palabras en xeral

	➤ A dimensión social e cultural da lingua estranxeira: Bl. 5: Consciencia plurilingüe e intercultural (Cultural knowledge).	• CULTURA: actuais métodos de deseño para crear produtos máis ecolóxicos e eficientes; datos curiosos sobre técnicas de supervivencia en animais; significado dos símbolos de animais que representan a Inglaterra, Escocia, Gales e Irlanda do Norte; uso das redes sociais para investigar aos candidatos a un posto de traballo. Diferenzas entre résumé e CV
--	---	---

17.4.1 Plan de recuperación de contidos non impartidos no curso anterior, baseados nos informes individualizados.

O curso anterior, curso 2019-20, estivemos supeditados a unha situación extraordinaria debido ó COVID-19, que supuxo o confinamento, unha educación telemática ou a distancia, e unha serie de contidos que non se puideron ensinar correspondentes ó terceiro trimestre. Por iso, teremos en conta tal situación para o presente curso, para todos os alumnos/as.

☞ Para os **alumnos/as de todos os niveis** teremos en conta os contidos que non se deron para traballalos ó longo deste novo curso. Temos que dicir que as programacións dos diversos niveis no departamento de inglés teñen un carácter moi gradual nos obxectivos, contidos e habilidades, polo que as primeiras unidades dos cursos seguintes constitúen de por si a recuperación máis adecuada dos aprendizaxes adquiridos en precario o non adquiridos. Por iso, tal e como indican os profesores/as nos informes individualizados presentados ó final do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas se traballarán do xeito máis axeitado dependendo de se os contidos están ou non baseados ou amplían outros traballados ou non en anos anteriores.

17.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O profesorado motivará ó alumnado para aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. Para iso, utilizaremos un método ben estruturado e de uso sinxelo que lles facilitará ós alumnos/as a adquisición das **competencias clave** recollidas na LOMCE. Deberá estar enfocado ao **desenvolvemento das destrezas** de Listening, Speaking Reading and Writing. Para que o método sexa completo, deberemos traballar e ampliar os coñecementos sobre **temas socioculturais e interdisciplinares**. Tamén, deberemos ter en conta o perfil de alumnos/as que temos nas clases para adecuar o noso método e **atender á diversidade**.

Ó longo do curso, nos centraremos no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achegarémolles o mundo real á aula de Bacharelato para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e se exprese en inglés de forma sinxela e natural, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

17.6 AVALIACIÓN.

17.6.1 Características da avaliación no Bacharelato.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos cadros incluídos anteriormente, de acordo co Real Decreto 1105/2014.

A avaliación será:

- **Continua**, xa que cando o progreso dun/ha alumno/a non sexa o adecuado, estableceranse *medidas de reforzo educativo*. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, en canto se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- **Formativa**, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos *procesos de ensino* coma dos *procesos de aprendizaxe*.
- **Global**, que amosará o nivel que posúe o alumno/a e será en base a **Competencia Comunicativa**, tendo en conta os seguintes criterios:
 - ☑ Coñece e usa correctamente o vocabulario.
 - ☑ Usa as estruturas estudadas de xeito oral e por escrito.
 - ☑ Comprende textos escritos e contesta a preguntas sobre eles, asemade pode resumilos.
 - ☑ Comprende textos orais e é capaz de responder cuestións sobre eles.
 - ☑ Produce textos orais e escritos usando vocabulario da unidade e seguindo as instrucións dadas en base a estruturas gramaticais, formato e temática evitando os erros básicos que se enumeran máis abaixo.
 - ☑ Uso adecuado de conectores ou linking words.

Ao rematar o Bacharelato, os alumnos/as realizarán unha avaliación individualizada na que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes en relación, entre outras, coa materia de inglés como primeira lingua estranxeira.

Os alumnos/as que non superasen esta avaliación (cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), ou que desexen elevar a súa cualificación final de Bacharelato, poderán repetir a avaliación en convocatorias sucesivas, previa solicitude, tomándose en consideración a cualificación máis alta das obtidas nas convocatorias ás que se concorreu. Celebraranse dúas convocatorias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

17.6.2 Criterios de avaliación e promoción no Bacharelato.

Durante cada avaliación faranse un máximo de dous exames, agás os pequenos controis, probas, chamadas de clase, proxectos, presentacións orais, etc.

Para obter a nota en cada avaliación seguirase o seguinte criterio:

Grammar	10%
Vocabulary	10%
Listening	10%
Reading	15%
Writing	20%
Speaking	20%
Phonetics	5%
Classroom Work	10%
TOTAL	100%

17.6.3 Consideracións sobre a Avaliación: as cualificacións.

- A cualificación será sempre global, amosará o nivel que posúe o alumno e será en base a **Competencia Comunicativa**, como se especifica anteriormente.
- O/a alumno/a ten que ter acadado polo menos o 30% en cada apartado para que se considere aceptable. **Non poderá haber ningún apartado en branco.**
- A **non asistencia** a un exame debera ser oficialmente xustificada e tentará facerse xunto con outro grupo. De non ser posible, buscarase outra data que non interfira coa marcha da

clase, polo que non está garantida a realización da proba de Listening. O departamento non pode preparar nin pode facer exames de Listening para un único alumno.

- Dado que o programa Xade non admite **decimais**, a decisión de redondear positiva ou negativamente a nota vai en función da actitude do alumno ao longo do curso e que so valora o/a profesor. Cando dicimos *actitude*, queremos dicir, actitude positiva cara a materia, profesor e compañeiros, de respecto e tolerancia así coma de amosar interese e participar activamente na clase, participar nas actividades de xeito individual/grupo, participación nas clases impartidas polo auxiliar de conversa, homework, libro de lectura e outras actividades, a criterio do profesor.
- No caso de **non superar unha avaliación**, esta poderá ser recuperada na seguinte dado a continuidade da materia.
- Para **superar o curso** é imprescindible superar a terceira avaliación.
- A nota da **avaliación ordinaria** será a mesma ou superior a da terceira avaliación en función do redondeo mencionado anteriormente.
- No **exame extraordinario de Setembro** non se terá en conta o Classroom work, nin o Speaking, nin o Listening, polo que a valoración será de 25% cada un dos apartados (Grammar, Vocabulary, Reading and Writing).
- Cando a materia está **pendente do curso anterior** será o profesor/a do curso actual o que faga o seguimento da mesma tendo en conta o traballo e resultados diarios así como con probas, traballos e exames que considere necesarios.

Este curso, os **exames serán preferentemente presenciais** sempre e cando a situación sanitaria, por mor do COVID-19, o permita.

17.6.4 Outras consideracións sobre os exames/probas/tarefas e a súa cualificación.

O Departamento considera que hai unha serie de **consideracións** que os/as alumnos/as deben ter en conta á hora de realizar correctamente os exames, as probas ou incluso as tarefas para obter unha boa cualificación. Estas son:

- ✦ Na pregunta de **Pronunciation**, o alumno debe demostrar que sabe distinguir elementos básicos da pronuncia do inglés, como son consoantes, vogais, ditongos, terminacións, ...
- ✦ Na pregunta de **Transformation**, o alumno ten que modificar parte ou o total da frase con outras palabras pero tendo un igual ou similar significado.
- ✦ O **Writing** pretende avaliar a capacidade comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Debe cumprirse os seguintes parámetros:
 - ✗ *Alcance*: centrarse no tema proposto, transmitindo ideas claras e usando unha considerable variedade de recursos. Sabe usar o rexistro lingüístico adecuado á situación.
 - ✗ *Riqueza e control do vocabulario*.
 - ✗ *Corrección gramatical*.
 - ✗ *Fluidez* (evitando cortes na comunicación ou malentendidos)
 - ✗ *Cohesión*. (Linking words)
 - ✗ *Coherencia* (texto organizado, coherente e ben estruturado)
- ✦ A pregunta do **Summary** será valorada segundo os seguintes criterios:
 - ✗ O/a alumno/a identificou as ideas principais do texto e resumiunas sen incluír información secundaria ou anecdótica.
 - ✗ O/a alumno/a expresou estas ideas en aprox. 50 palabras, sen copiar literalmente do texto, con coherencia, claridade, cohesión, razoable corrección gramatical e léxico axeitado ao tema.

17.6.5 Erros básicos que se penalizan especialmente con 0.1 punto.

O Departamento considera que hai unha serie de **erros básicos** que non se poden permitir, polo que deben ser penalizados de forma extraordinaria, modificando a nota do exame e/ou avaliación. Estes erros son:

- ✗ Omitir o suxeito diante dun verbo.
- ✗ Omitir o -s da terceira persoa singular do presente simple.
- ✗ Confundir auxiliar do/does.
- ✗ Usar adxectivos en plural ou na orde incorrecta.
- ✗ Usar posesivos/demostrativos incorrectamente.
- ✗ Presentación escrita desordenada, con riscaduras, de aspecto descoidado, sen márxenes e parágrafos destacados, etc.
- ✗ Falta de coherencia e non axustarse ao tema demandado tanto na escrita coma nas probas orais.
- ✗ Copia literal das palabras, expresións ou incluso frases do texto a traballar.
- ✗ Respostas curtas no traballo de comprensión de texto.
- ✗ Reincidencia de erros de pronunciación básica.
- ✗ Falta de naturalidade e fluidez na presentación oral.
- ✗ Non seguir as instrucións nas clases de conversa.

17.7 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

17.7.1 Materiais didácticos.

Os materiais serán o libro de texto e/ou o workbook, así como tamén o libro dixital, o computador e internet.

- O libro dixital pode ser de axuda pero de forma vixiada por parte do profesor. Os alumnos/as despístanse moito e temos que ser capaces de empregar ambos métodos: o tradicional (libro físico) e o dixital.
- Internet sempre facilita un número de actividades moi interesantes tanto para o profesorado como para o alumnado. O importante é que o alumno/a se concentre no que fai na rede e aproveite o máximo as novas tecnoloxías.
- Ademais utilizaranse outros libros e revistas en inglés, libros de lectura (lecturas adaptadas), películas subtituladas etc. recursos online e actividades dispoñibles no fondo de actividades que o Departamento está a xerar para cada curso.

Na nosa materia dispomos de multitude de materiais motivadores aínda que o pouco tempo ás veces non nos facilita o uso de todos eles. Os profesores elixirán aqueles materiais máis axeitados ós niveis dos seus alumnos/as. Ás veces non se poden utilizar os mesmos métodos en clases diferentes. En resumo diremos que os recursos estarán baseados en conseguir unha ensinanza de calidade e co fin de motivar o aprendizaxe práctico da lingua estranxeira.

Dada a situación especial producida o curso pasado co COVID-19, cremos que debemos falar da xestión dos materiais dependendo da situación na que nos atopemos. É dicir, nas clases presenciais priorizaremos o traballo co libro físico, e empregaremos o libro dixital para mandarlle tarefas ós alumnos/as para realizar na casa. Tamén empregaremos a aula virtual do centro (MOODLE) para mandarlles información, tarefas, explicacións, documentos, vídeos, cancións que consideremos interesantes para traballar con eles/as.

Deste xeito, de ternos que ir á **educación semi-presencial ou telemática**, os alumnos/as estarían afeitos ó traballo dixital, e non sería un problema para a docencia da nosa materia.

Ademais, debemos mencionar que, neste curso escolar, seguimos co plan ABALAR en 2º da ESO, e que iniciaremos o noso traballo no plan EDIXGAL en 1º de ESO, para afondar no uso das novas tecnoloxías no proceso ensino-aprendizaxe dos nosos alumnos/as.

17.7.2 Recursos didácticos.

Outros dos recursos á hora de traballar cos alumnos/as que dispomos este curso é a figura do asistente de linguas estranxeiras, persoa que será de vital axuda na nosa andaina.

No Bacharelato, o seu traballo será principalmente oral. Os alumnos/as participarán en diálogos curtos ó principio de curso para máis adiante ser capaces de elaborar conversacións algo máis longas. Poderán e deberán preparar traballos referidos á cultura anglosaxona e americana, que compararemos coa nosa cultura galega. Deste xeito ambas partes beneficiaranse do intercambio de linguas e aspectos da vida do noso país e do país da asistente.

O profesor da materia regulará os materiais utilizados e ensinará ó asistente como debe facer para que sexa entendido de xeito fácil e motivador. Aínda que as notas de avaliación serán dadas polo profesor, o asistente poderá tomar apuntes referidos a distintos aspectos orais e escritos. É importante que el/ela poida dar unha valoración subxectiva de cada alumno. O traballo de tódolos profesores incluído o asistente de linguas pode ser moi interesante para todos os que formamos parte da aprendizaxe da nosa materia. Ten que haber, por suposto, unha boa organización para que non se considere un pasatempo.

Este curso, teremos a mesma asistente americana da beca Fulbright que estivo o curso pasado, polo tanto os alumnos xa a coñecen, e desfrutan da inmersión que ela proporciona sobre a cultura americana. Estamos seguros que deste xeito os nosos rapaces poden aprender os distintos rexistros da lingua inglesa.

O departamento considera que debemos conseguir que a lingua oral teña moita importancia no currículo da nosa materia. Por iso, dámoslle tanta importancia a presenza da asistente de conversa americana. Ademais, facemos exames e probas orais, así como actividades e proxectos orais, para proporcionarlle ós alumnos/as situacións reais nas que poda traballar a lingua oral.

17.8 CONTIDOS TRANSVERSAIS.

Os elementos transversais están constantemente presentes no desenvolvemento da nosa práctica docente nas aulas e na aportación que o departamento de Inglés realiza, a través de actividades propostas para integrar a toda a comunidade educativa.

Así mesmo, intentaremos tratar sempre, nas nosas actividades complementarias, temas que hoxe en día teñen máximo interese tales como: o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a educación en valores, respecto, igualdade de xénero, a non violencia, o acoso na escola e nas relacións entre adolescentes, a violencia de xénero, a igualdade de homes e mulleres na casa e no traballo, o uso de internet de forma consciente e con fines educativos, o entorno e medio ambiente e as medidas que podemos tomar para melloralo, a tolerancia cas distintas relixións e normas culturais de cada país etc.